

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 26 de abril de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D^a Olga Alonso Suárez

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego

Invitados:

D. David Regades Fernández
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e seis de abril de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(405).- ACTAS ANTERIORES. Apróbanse as actas da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 12 de abril de 2013 e da extraordinaria e urxente do 16 de abril de 2013. Deberán incorporarse ao libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. alcalde-presidente.

2(406).- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI) PARA COADXUVER O FINANCIAMENTO DO VII FESTIVAL DE HABANERAS “AO SON DE VIGO”. EXPTE. 9707/101.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes da Asesoría Xurídica e de fiscalización da Intervención Xeral de datas 8 e 17 de abril de 2013, e de acordo

coa proposta do xefe de Protocolo e RR PP do 18 de abril de 2013, conformado pola concelleira-delegada de Facenda, A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Conceder á Asociación de Corais Polifónicas de Vigo, CIF G-36980928, unha subvención pola contía de 65.000 euros, con cargo á partida de Alcaldía 912.0.489.00.04 (Outras subvencións), ou bolsa de vinculación.

Segundo.- A subvención terá como destino as actividades da asociación con especial incidencia no Festival de Habaneras e Polifonía e Maratón Coral Voces Galegas.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Cuarto.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Subvencións de Galicia.

Quinto.- A beneficiaria, ao remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa antes do 10 de decembro do presente ano na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiarán tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. Se o beneficiario solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado

o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Sexto.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais para coa seguridade social, facenda, hacienda e concello, e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Sétimo.- O beneficiario deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Concello de Vigo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Oitavo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Noveno.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer o beneficiario da subvención á que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo.- De conformidade co establecido nos artigos 11c,30 da LSG as facultades de comprobación do proceso de xustificación e, de seguemento e comprobación das actividades subvencionadas propostas , solicitadas pola Asociación de Corais Polifónicas de Vigo , serán competencia do servizo de relacións públicas e protocolo da Alcaldía.

Décimo primeiro.- O beneficiario está informado de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo.

O beneficiario poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.

Décimo segundo.- No demais, a concesión da subvención obxecto da presente resolución, rexeráse pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

3(407).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE “FARO DE VIGO S.A.U.” PARA A DIFUSIÓN NO XORNAL FARO DE VIGO DE CONTIDOS DE INTERESE PARA A SOCIEDADE VIGUESA. EXPTE. 9601/101.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes da Asesoría Xurídica e do servizo de Fiscalización de datas 04 e 16 de abril de 2013, respectivamente, e de acordo coa proposta do xefe de Protocolo e RR PP do 25-02-13, conformada pola concelleira-delegada de Facenda, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o texto do proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e Faro de Vigo SAU, sobre as seguintes accións divulgativas destinadas a acercar Vigo aos cidadáns, fomentando un maior coñecemento da nosa cidade e do seu contorno xeográfico; apoiando o deporte base da nosa cidade; a exaltación da lingua e cultura galega no 150 aniversario de Cantares Galegos e a conmemoración da Reconquista de Vigo.

Segundo.- Autorizar o gasto segundo o expresado na cláusula 4ª a favor de Faro de Vigo SAU por unha contía de 280.000 euros con cargo á partida 912.0.227.99.02 “Convenios”: o pago a Faro de Vigo SAU realizarase contra a presentación da memoria de avaliación da programación correspondente as actividades a realizar, presentada antes do día 15 de decembro de 2013, xuntamente coa factura correspondente.

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE “FARO DE VIGO, S.A.U.”, EDITORA DO XORNAL “FARO DE VIGO”, PARA A DIFUSIÓN NESTE MEDIO DE CONTIDOS DE INTERESE PARA A SOCIEDADE VIGUESA

REÚNENSE:

Dunha banda, don Abel Caballero Álvarez, alcalde do Excmo. Concello de Vigo, en representación desta institución, artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local

Doutra, don Jaime Abella Fernández, en nome e representación da entidade “Faro de Vigo, S.A.U”, con CIF A-36.600.815 e enderezo social na Avda. García Barbón nº 87 baixo da cidade de Vigo. Actúa con poder suficiente para a formalización deste documento segundo outorgamento realizado ante a Notaría de Barcelona Dª Mª Isabel Gabarró Miquel en data 13.02.2006 baixo o número 375 do seu protocolo.

Ambas partes recoñécense mutuamente competencia e capacidade bastante para formalizar o presente convenio, e en consecuencia,

EXPOÑEN:

- 1. A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Base do Réxime Local, no seu artigo 25.1 sinala que os Concellos, para a xestión dos seus respectivos intereses e no ámbito das súas competencias poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal*
- 2. Que o Concello de Vigo considera de grande importancia a utilización de instrumentos e iniciativas que posibiliten unha acción continuada de sensibilización social e de información en especial sobre os sectores económicos que dinamicen a competitividade da cidade. Así, dentro das actuacións previstas para esta finalidade atópanse todas aquelas accións destinadas á edición e produción de publicacións, espazos na prensa, programas de televisión e radio, organización de actos, conferencias e xornadas.*
- 3. A entidade Faro de Vigo, S.A.U. é unha empresa dedicada á composición, impresión e edición de prensa periódica, sendo a editora do xornal "Faro de Vigo", decano da prensa nacional, e caracterizado por ser, desde sempre, o xornal de maior implantación na cidade e na súa área de influencia, implantación que na actualidade, e segundo o Estudio General de Medios, acada unha difusión do 74 % dos lectores.*

A devandita entidade, considera de grande importancia o desenvolvemento na súa área informativa, de temas relacionados directamente coa promoción da cidade tanto fora como dentro de Galicia

- 4. O Concello de Vigo considera de interese para a cidadanía de Vigo e sociedade galega no seu conxunto potenciar a información e o coñecemento da situación actual pola que atravesamos a cidade en calquera dos sectores produtivos que posibilitan o dinamismo económico da mesma, especialmente o industrial e o de servizos.*
- 5. Ambas partes consideran de grande importancia fomentar, promover e divulgar actividades e informacións específicas relacionadas cos ámbitos nos que se desenvolven as amplas competencias do Concello de Vigo, de xeito que o conxunto dos veciños de Vigo, o resto da sociedade galega e os sectores económicos teñan unha percepción mellor da situación económica, das actividades desenvolvidas no ámbito municipal e dos resultados que delas se derivan.*

Dado o interese coincidente do Concello de Vigo e a entidade "Faro de Vigo, S.A.U.", ambas partes acordan a formalización dun convenio de colaboración de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS:

- *O obxecto do presente convenio é establecer as condicións de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade "Faro de Vigo, S.A.U." para as actuacións que se especifican na cláusula 2, que se realizarán no 2013, cos obxectivos finais de:*
 - 1. Ofrecer unha serie de accións divulgativas destinadas a acercar Vigo aos seus cidadáns, fomentando un maior coñecemento da nosa cidade e do seu entorno xeográfico.*
 - 2. Apoiar o deporte base da nosa cidade poñendo en valor os éxitos dos nosos deportistas, asociacións, clubs deportivos e empresa que apoian ó deporte. Neste ámbito englobase tamén a celebración do 90 aniversario da fundación do Real Club Celta de Vigo.*
 - 3. A exaltación da lingua e cultura galega no 150 aniversario da primeira publicación de Cantares Galegos. Así como tamén a conmemoración do día da Reconquista de Vigo.*
- *A entidade Faro de Vigo, S.A.U. publicará habitualmente no seu xornal e nas seccións informativas adicadas a Vigo e a súa área metropolitana, noticias informacións, cadernos e separatas de con-*

tido esencialmente local contribuíndo con elo a unha maior implicación da sociedade viguesa nos asuntos e problemáticas que lles son propios e tamén a unha mellor divulgación, impulso e promoción exterior da cidade de Vigo, das súas características, das súas potencialidades e dos seus obxectivos inmediatos e futuros fomentando con elo un coñecemento mais concreto e específico da cidade que debe traducirse nun maior crecemento económico.

Entre as accións mencionadas no parágrafo anterior Faro de Vigo S.A.U. comprométese a incidir especialmente nas seguintes accións: Divulgación da transformación que sufriu Vigo nos últimos anos: calendario 2013; imán e identificador de maletas que conmemoran a Reconquista. Promoción Deportiva: gala do deporte e publicación dun libro da historia dos 90 anos do Real Clube Celta de Vigo. Promoción cultural: diferentes accións destinadas a promocionar a tradición e cultura galegas.

Faro de Vigo, fixa a liña editorial dos citados espazos informativos atendendo aos criterios sinalados na cláusula anterior e responsabilizándose dos contidos publicados.

- *Este convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2013.*
- *O Concello de Vigo, achegará á entidade Faro de Vigo, S.A.U. a cantidade de DOUSCENTOS OITENTA MIL € como compensación polos gastos que lle ocasiona ao devandito medio de comunicación o desempeño das actividades obxecto do presente convenio. A devandita achega será imputada á aplicación orzamentaria 912.0.227.99.02 (Convenios) correspondente a créditos dos Orzamentos Xerais do Concello de Vigo para o ano 2013.*

O labor de Faro de Vigo, S. A.U. no desenvolvemento das accións do presente acordo de colaboración constitúe unha actividade sen ánimo de lucro pola súa posición de intermediario natural da información municipal que teña orixe nos poderes públicos e na cidadanía.

En anexo ao convenio, figura a estimación económica dos custos que as citadas actuacións supoñen ao citado medio de comunicación.

- *O Concello de Vigo, a través da Alcaldía, efectuará o aboamento da contía fixada na cláusula anterior, contra presentación por Faro de Vigo, S.A. da factura correspondente, e trala conformidade dos servizos responsables de imaxe exterior, comunicación e prensa.*

Previamente á sinatura do convenio, e no seu caso antes do pagamento, Faro de Vigo, S.A.U. deberá presentar certificacións de estar ao corrente das obrigas tributarias co Concello de Vigo e coa Seguridade Social.

As devanditas facturas serán expedidas a nome do Concello de Vigo, e deberán reunir os requisitos previstos no RD 1496/2003, do 28 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación.

- *O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, ten natureza administrativa e corresponde ao Concello de Vigo o control da súa execución e a vixilancia do seu contido, rexendo os seus efectos polo establecido nas cláusulas daquel, e no seu defecto polos principios establecidos na Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público do Estado .*
- *Para o seguimento do convenio créase unha comisión constituída do seguinte xeito:*
 - Polo Concello de Vigo:*
 - O Xefe de Protocolo e RR.PP. do Concello de Vigo.*
 - A responsable de Prensa do Gabinete da Alcaldía.*
 - Pola entidade Faro de Vigo, S.A.:*
 - O seu Xerente.*
 - O Director do Xornal.*
- *A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e o Concello de Vigo, de tal*

xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos que xurdan no desenvolvemento daquel.

- *O incumprimento de calquera das cláusulas do presente convenio constituirá causa suficiente para a rescisión deste, someténdose a resolución das posibles controversias do Concelleiro delegado de Promoción Económica.*
- *Os acordos do Concelleiro delegado de Promoción Económica poñen fin á vía administrativa, e contra eles cabe recurso contencioso administrativo, segundo o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*

En sinal de conformidade asinan este convenio por triplicado no lugar e na data que se indicados.

4(408).- DAR CONTA DE SENTENZAS E AUTOS:

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das sentenzas e autos que a seguir se relacionan:

- a) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 331/2012 P.O. Demandante: UNIVERSIDADE DE VIGO. Obxecto: Acordo do TE-A do Concello de Vigo do 1 xullo 2011 (inadmisión da reposición). I.B.I e I.-C.I.O., exención tributaria. (Expte.: 2433/550 e 38028/512). Desestimado o recurso.
- b) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 46/2013 P.A. Demandante: D. PABLO GONZÁLEZ VÁZQUEZ. Obxecto: Resolución 8.1.2013 (en reposición). Sanción tráfico, conducción temeraria o 14.4.2012. (Expte.: 128633424). Desestimado o recurso, con custas de oficio.
- c) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 45/13 P.A. Demandante: D. DIEGO DIOS IGLESIAS e outro. Obxecto: Desestimación presunta (e expresa serodia) reclamación patrimonial por danos na vía pública(Expte.: 3021/243.) Estimado parcialmente o recurso.
- d) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 31/2013 p.a. Demandante: D. JUAN M. CASAL RUBIO. Obxecto: Resolución de 03/12/2012. Expte.: reclamación patrimonial por caída na vía pública o 05/07/2011. Desestimado o recurso.
- e) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 16/2013 P.A. Demandante: D. EDUARDO DE RON MORODO. Obxecto: Desestimación presunta de recurso extraordinario de revisión (sanción de tráfico, Expte.: 1186871933). Rematado o procedemento por satisfacción extraprocesual.
- f) Decreto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 278/2012 p.o. Demandante: ZUNFER, S.A. Obxecto: Desestimación presunta de reclamación do 29.09.2009. Expte.: obras de vestiarios nos campos de fútbol.

tbol de Bouzas e do Carballal (1998). Expte. m. nº 8937/333 (en relación co 2165/333). Acepta o desestimento.

g) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 36/2013 P.A. Demandante: D. ANTONIO M. GÓMEZ OTERO. Obxecto: Resolución do 20.11.2012, reclamación patrimonial accidente moto o 24-8-2010. Desestimado o recurso.

h) Sentenza do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 47/2013 P.A. Demandante: D^a DOLORES FREIRE PUJALES. Obxecto: Resolución do 6.6.2012 (estimación parcial), reclamación patrimonial (Expte.: 3091/243). Desestimado o recurso.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

5(409).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO” PARA A CONTRATACIÓN DUN PROFESIONAL INTÉRPRETE DA LINGUA DE SIGNOS A TEMPO PARCIAL. EXPTE. 6042/320.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídico e de fiscalización de datas 10 e 19 de abril de 2013, respectivamente, e de acordo co informe-proposta do 05-04-13, da técnica de xestión de Participación e Atención Cidadá, conformado polo xefe do servizo, polo concelleiro-delegado de área e pola concelleira de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Autorizar e dispoñer o gasto por importe de 6.000 € (seis mil euros), con cargo á partida presupostaria 9240 4890008, denominada “*Convenio Asoc. Xordos*” incluída no vixente orzamento municipal de 2013, a favor da entidade “*Asociación de Personas Sordas de Vigo*”.

Segundo.- Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a “*Asociación de Personas Sordas de Vigo*” (CIF.- G-36622835), cuxo obxecto é axudar ao financiamento dos custes salariais, derivados da contratación dun profesional intérprete da lingua de signos a tempo parcial (20 horas semanais), durante os meses de marzo a agosto de 2013 e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONDECER á referida entidade, unha subvención de 6.000 € (seis mil euros).

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer

recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO" PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA CONTRATACIÓN DUN INTÉRPRETE DE LINGUA DE SIGNOS

En Vigo, na casa do Concello de Vigo, a ---- de---- de dous mil trece

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n, de Vigo.

Doutra parte, D. Antonio Castro Neira (DNI: 33304797-S), en calidade de Secretario da "Asociación de Personas Sordas de Vigo", con CIF: G -36622835, con domicilio social na Rúa Romil, 24 Baixo, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da delegación de funcións do seu presidente, ratificada pola Xunta Directiva, en sesión ordinaria de data 03/04/13, e incorporada ao expediente 6042/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto Refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente, optando dunha maneira decidida pola democracia participativa como complemento e profundizando na democracia representativa.

II- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), a "Asociación de Personas Sordas de Vigo" (ASV), atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 266/92.

III.- Que a entidade "Asociación de Personas Sordas de Vigo", conforme ao establecido no artigo 6 dos seus Estatutos asume a representación e defensa dos intereses das persoas xordas e dos seus familiares no seu ámbito territorial, a cuxo efecto asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- Representar ás persoas que a integran, participando nos foros sociais e organismo públicos oportunos*
- Traballar para mellorar a calidade de vida das persoas xordas e dos seus familiares nos eidos familiar, infantil, educativo, sanitario, laboral e calquera outro*

- Traballar para acadar un marco legal que permita a plena igualdade e participación social das persoas xordas
- Traballar para conseguir o recoñecemento legal e social adecuado para a Lingua de Signos Española, impulsando a súa investigación e difusión.
- Impulsar o pleno acceso das persoas xordas a todos os niveis do sistema educativo, fomentando o bilingüismo- biculturalismo
- Promover o acceso á formación e ao emprego das persoas xordas en igualdade de oportunidades que o resto da cidadanía
- Fomentar a autonomía e a independencia das persoas xordas e a eliminación de barreiras de comunicación
- Potenciar e dar continuidade aos servizos de intérpretes de Lingua de Signos en todos os ámbitos das vida social, velando pola adecuada formación das persoas intérpretes
- Sensibilizar á sociedade sobre as necesidades e demandas das persoas xordas e dos seus familiares
- Fomentar a investigación sobre calquera tema de interese para mellorar a situación social e a calidade de vida das persoas xordas e dos seus familiares

IV.- Entre os principios que informan a actuación da ASV, encóntranse o respecto á pluralidade e diversidade dos seus asociados, a transversalidade nas súas actuacións, a participación igualitaria entre homes e mulleres, ou a autonomía, independencia e protagonismo das persoas xordas. As súas actividades están abertas a calquera beneficiario que reúna a condicións esixidas pola índole dos seus fins.

As accións desenvolvidas pola ASV foron evolucionando dende o obxectivo de crear un “punto de encontro” na cidade, ata o momento actual no que se persegue o logro dunha real e efectiva participación das persoas xordas na sociedade, mellorando a súa calidade de vida e tentando ofrecer cada vez un maior número de actividades e servizos. Co fin de cooperar para que este obxectivo sexa unha realidade, o Concello de Vigo leva anos colaborando con esta entidade mediante a firma de convenios, outorgamento de subvencións, así como coa cesión, polo prazo de 25 anos, do dereito de uso do local de propiedade municipal sito na planta baixa do edificio núm. 22-24 da rúa Romil desta cidade (acordos da XGL de datas 31/01/05 e 23//10/06).

V.- Que o Concello de Vigo, é coñecedor das actividades que ven realizando a ASV para atender as necesidades deste colectivo, e en consideración ao seu interese tanto social, público e de promoción dunha finalidade pública, e considerando que a ASV é a principal representante deste colectivo, considerase conveniente a concesión da subvención solicitada co obxectivo de establecer un marco de colaboración entre o servizo de Participación e Atención Cidadá e a ASV para aumentar os medios humanos ao servizo deste colectivo, co fin de mellorar, por unha banda, as tarefas de xestión e organización do persoal directivo, laboral ou colaborador da devandita asociación para levar a cabo as actividades programadas no local social, e por outro lado, garantir a cooperación entre estas dúas entidades para que nas súas actividades anuais poidan contar cun profesional intérprete da lingua de signos que facilite a comunicación directa aos discapacitados auditivos.

VI.- Que o Concello de Vigo no seu vixente orzamento (2013), na partida 9240.4890008 “Convenio Asoc. Xordos” prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 6.000 € a favor da “Asociación de Persoas Sordas de Vigo”.

VII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes conclúen o presente convenio co fin de regular os termos da súa concesión, cuxo obxecto é axudar ao financiamento dos custes salariais, derivados da contratación dun profesional intérprete da lingua de signos a tempo parcial (20 horas e media semanais) durante os meses de xaneiro a outubro de 2013, tanto para mellorar os servizos ofertados no seu local social, como aqueles outros requiridos pola Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e demais asociacións legalmente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións. O custe salarial, segundo memoria achegada pola entidade, é o reflectido a seguir:

TÁBOA SALARIAL 2013 INTÉRPRETE LINGUA DE SIGNOS ESPAÑOLA XORNADA A TEMPO PARCIAL (20 H. SEMANAIS DE MARZO A AGOSTO)	
GRUPO DE COTIZACIÓN	5
SALARIO BASE	522,32 €
INCENTIVO	48,24 €
PARTE PROPORCIONAL PAGAS EXTRAS	174,11 €
SALARIO BRUTO	744,66 €
BASE DE COTIZACIÓN	744,66 €
CONTINXENCIAS COMÚNS	175,74 €
FOGASA, ETC.	63,30 €
CNAE	12,29 €
SEGURIDADE SOCIAL DA EMPRESA	351,32 €
COSTE ASOCIACIÓN/MES	995,99 €
INDEMNIZACIÓN CONTRATO TEMPORAL	124,11 €
CUSTES SALARIAIS TOTAIS	6.100,00 €

VIII.- Que a entidade ASV, non está incurso en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que incorporadas ao expediente.

IX.- Que en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade "Asociación de Personas Sordas de Vigo", o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade "Asociación de Personas Sordas de Vigo" comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo en canto a prestación dos servizos dun intérprete da lingua de signos e, concretamente, a:

a) Contratar os servizos do profesional intérprete da lingua de signos a tempo parcial (vinte horas semanais) durante os meses de marzo a agosto de 2013, organizar e planificar o traballo que vai desempeñar.

b) A persoa contratada para a prestación do servizo de intérprete de lingua de signos deberá cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, Seguridade Social e saúde laboral.

c) Encargarse de facer os pagos das cantidades correspondentes a terceiros, no que respecta a soldos, seguros, retencións etc., motivadas polas accións emprendidas neste convenio, a tal efecto, a Asociación deberá presentar copias dos documentos acreditativos da cotización á Seguridade Social e de retención e ingreso a conta do IRPF respecto da persoa dependente da asociación adicado ao cumprimento do obxecto do presente convenio.

d) O Concello de Vigo, en ningún caso, asumirá responsabilidade algunha respecto ao referido persoal.

e) Os servizos a realizar polo profesional intérprete da lingua de signos desenvolveranse conforme as peticións e planificación anual da "Asociación de Personas Sordas de Vigo". Todas as demandas deberán ser cubertas, na medida do posible, na súa totalidade, en especial, en materia de horarios.

f) Nas conferencias, relatorios ou na organización de eventos en coordinación co servizo de Participación e Atención Cidadá, facilitarase o enderezo, o horario e as condicións da sala, a situación do intérprete e os descansos periódicos (de 5 a 10 minutos por cada 30 minutos de interpretación realizada), atendendo sempre ás peticións formuladas polo profesional intérprete da lingua de signos, para favorecer a recepción e a calidade da mensaxe, e ademais facilitarase sempre que foxe posible e, como mínimo, cunha semana de antelación, un resumo ou copia do relatorio a impartir. Comunicarase calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade e, no seu caso, a nova data e horario de celebración.

g) O horario de prestación de servizos será tan flexible coma sexa posible, instaurándose a realización de vinte horas semanais, organizándoas dende a "Asociación de Personas Sordas de Vigo" conforme a planificación presentada.

h) O código deontolóxico da profesión de intérprete de lingua de signos garante a confidencialidade, a fidelidade na comunicación e a obxectividade do seu traballo. As condicións nas que se desenvolverán os servizos deben ser claras e explícitas, coñecidas e aceptadas por ambas as partes.

i) O servizo ofrecido polo intérprete será totalmente gratuíto.

j) O custe imputable ao Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "Asociación de Personas Sordas de Vigo" para o ano 2013, será o correspondente ao período de contratación real do/a intérprete da lingua de signos, é dicir, de marzo a agosto de 2013, e o custe que subvencionará o Concello de Vigo, en ningún caso, superará o importe conveniado de 6.000 €.

k) Facilitar as actuacións de inspección, control que, en calquera momento, poderán realizar os técnicos do Concello de Vigo, para o seguimento e comprobación do cumprimento do obxecto do convenio, polo que, a entidade estará obrigada a achegar canta información e documentación se lles solicite.

l) Presentar ao Concello, a través do Servizo de Participación Cidadá, no prazo e nos termos sinalados na cláusula novena do presente convenio, a memoria final, sobre o desenvolvemento da actividade e cumprimento do obxecto do convenio, xunto coa correspondente memoria económica, que incluírá a conta xustificativa de gastos subvencionados e balance anual.

m) Darlle ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través de presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, subministrado polo servizo de Participación e Atención Cidadá, que se trata dunha servizo subvencionado, respectando en todo momento a súa imaxe corporativa.

n) *Dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento das actividades.*

o) *Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.*

p) *En xeral cumprir coas obrigas establecidas para as entidades beneficiarias das subvencións no artigo 14, da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS)*

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

a) *Artellar os medios técnicos para a orientación, supervisión e avaliación das actividades.*

b) *Conceder directamente á entidade “Asociación de Personas Sordas de Vigo” unha subvención por importe de 6.000 €, con cargo á partida orzamentaria nº 9240 480008, denominada “Convenio Asoc. Xordos”, co obxecto de axudar ao financiamento dos custes salariais, derivados da contratación, a tempo parcial (20 horas semanais) dun profesional intérprete da lingua de signos, durante os meses de marzo a agosto de 2013.*

c) *Respectar a estrutura organizativa da Asociación de Personas Sordas de Vigo.*

d) *Obter e requirir a información necesaria, a fin de determinar o cumprimento por parte da asociación do acción conveniada.*

e) *Determinar, á vista da información e documentación achegada no momento da xustificación, segundo o disposto na cláusula 9ª, a correcta execución e cumprimento dos obxectivos marcados e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.*

Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo a prestación do servizo obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

Será requisito necesario que a entidade acredite non incorrer en ningún dos supostos do art. 31.6 LSG.

De conformidade co art. 42 e ss. do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa Asociación de Persoas Sordas de Vigo.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución do servizo que constitúe o obxecto da subvención. O art. 29 da LXS entende que un beneficiario subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Porén, non se considera como tal a contratación daqueles gastos en que debe incurrir a beneficiaria para realizar por sí mesma a actividade subvencionada.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade do financiamento municipal do proxecto subvencionado mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo ou informativo que se publique ao respecto. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das da contratación.

Oitavo.- A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18.3.a) da Lei Xeral de Subvencións, ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no vixente orzamento municipal.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que a beneficiaria xustifique o cumprimento do obxecto do convenio. A xustificación da subvención realizarase pola Asociación de Personar Sordas de Vigo mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 14 de setembro de 2013.

A conta xustificativa conterá, con carácter xeral, a seguinte documentación:

a) Solicitude de abono da subvención.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

- 1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.*
- 2. Datas, horario e lugar de prestación do servizo*
- 3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
- 4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e/ou número de teléfono.*
- 5. Actuacións realizadas.*
- 6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*
- 7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.*

8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.

9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento

c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificadas e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta que:

-os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención

-os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.

-os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.

-en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albaráns....

-os gastos realizados acreditaranse mediante documentos que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.

-para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de retención e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo.

-as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención

-non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE

-o IRPF será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria

-xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.

e) *Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.*

f) *A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como, non ser debedora, por resolución, de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.*

g) *Declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:*

- *Que responde da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegada*

- *Que a entidade cumpriu cumpriu as condicións e obrigas estipuladas no convenio.*

- *Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*

- *Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*

- *Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*

- *Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).*

- *No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.*

h) *Fotocopia do contrato de traballo*

i) *no caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG*

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2100 4257 92 2200040723 (La Caixa)

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo Primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no 2013 no período comprendido entre o 1 de marzo e 31 de outubro.

Décimo Segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo da Concellaría Emprego e Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo Terceiro.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego e Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo Cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 da LXS.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellaría de Emprego e Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as

Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo oitavo.- O presente convenio terá vixencia dende a a data da súa sinatura ata o 31 de agosto de 2013, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuaduplicado exemplar, en Vigo, ----- de-----de 2013.

6(410).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA E CONSUMO AGARIMO” PARA COADXUVAR O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO – ANO 2013. EXPTE. 6044/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 04-04-13, da técnica de xestión de Participación e Atención Cidadá conformado polo xefe do servizo e polo concelleiro-delegado de área, vistos os informes xurídico e de fiscalización de datas 10 e 19 de abril de 2013, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Autorizar e dispoñer o gasto por importe de 13.000 € (trece mil euros), con cargo á partida presupostaria nominativa nº 9240.48900006, denominada “*Convenio Asociación Agarimo*”, incluída no vixente orzamento municipal de 2013.

Segundo.- Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación de Amas de Casa e Consumo “Agarimo” (CIF.- G-36821817), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade para o período comprendido entre o 01/01/13 e o 31/10/13, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONDECER á referida entidade, unha subvención de 13.000 € (trece mil euros).

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA E CONSUMO “AGARIMO” PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS

**GASTOS DE MANTEMENTO NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS
ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA ANO 2013**

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil trece

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D^a Ana Gil Lodeiro, con DNI 35984887F, en calidade de Presidenta da “Asociación de Amas de Casa e Consumo - Agarimo ” (CIF: 36821817), con domicilio social na Rúa San Xosé, 22- baixo (esquina Travesía de Vigo, 46), de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 6044/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, sanitarias, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da educación sanitaria dos consumidores e empresarios en materia de consumo e de hixiene alimentaria, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a educación e formación no ámbito do consumo do termo municipal, sendo a Asociación de Amas de Casa e Consumo “Agarimo” unha das máis importantes asociacións de consumidores e usuarios de Vigo.

III.- Que a entidade “Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo”, de conformidade cos arts. 3 e 4 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Fomentar o asociacionismo das persoas.
- ✓ Impulsar e defender os intereses das amas de casa e dos consumidores en xeral, par a súa defensa.
- ✓ Representar aos/as asociados/as ante organismos oficiais ou privados, en defensa dos seus intereses.
- ✓ Estudar os problemas que poidan xurdir dentro do seu ámbito de actuación, abrindo os canles necesarios para as posibles solucións dos mesmos.
- ✓ Organizar, dentro das súas posibilidades, cantos servizos de asistencia, asesoramento e formación requiran os seus membros.
- ✓ Organizar conferencias, coloquios, cursos e outras actividades afíns.
- ✓ Difundir as publicacións que sobre os temas da asociación se publiquen polos distintos organismos, etc.

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 16/05/97, a "Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo" atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 519/97.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo" leve a cabo os proxectos e actividades sociocomunitarias, culturais e formativas planificadas para o ano 2012, en particular, as realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2013, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal (2013), a partida orzamentaria nº 9240.48900006, denominada "Convenio Asociación Agarimo", nominativa a favor da entidade, con unha consignación presupostaria de 13.000 €.

VII.- As actividades programadas pola Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo" para o 2013, que fundamentan a concesión da subvención para o financiamento dos gastos de mantemento da entidade, son, con carácter xeral, segundo proxecto incorporado ao expediente:

- Charlas/coloquios/conferencias informativas sobre diferentes temas: Campus do Mar, igualdade, seguridade viaria, saúde...
- Actuacións da coral da asociación durante todo o ano,
- Participación no certame de "Habaneiras" e non Festival do ACOPOVI
- Representacións diversas do grupo de teatro da asociación.
- Obradoiro-charlas no local social, co gallo do Día Internacional da Muller.
- Visita/excursións: Portugal, Ría de Arousa, Sobrado dos Montes, Pobra do Caramiñal...
- Impartición de cursos: pilates, memoria, manualidades, bolillos, tapicería, risoterapia, inglés, pintura, Patchwork, taichi...

VIII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidades programados para o ano 2013, cuxa contía total, segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO (01/01/13-31/10/13)	
Aluguer local, IBI	12.440,00 €
Subministros auga e luz	1.060,00 €
Limpeza local	1.510,00 €
Recollida do lixo	170,00 €
Seguridade, alarma local	495,00 €
Gastos teléfono, internet e fax	1.750,00 €
Subscrición prensa e páxinas amarelas	310,00 €
Gastos correo (envío circulares)	630,00 €
Gastos reparación do local	115,00 €
TOTAL	18.480,00 €

VIII.- Que a entidade Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo" non está incurso en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

VIII.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo", o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, nos ámbitos sociocomunitario e sociosanitario, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade "Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo" comprométese a colaborar coa concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo a actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, as memorias parciais e final xunto as correspondentes memorias

económicas, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio, así como, a balance económico anual.

6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.

8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade "Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo" unha subvención por importe de 13.000 € (trece mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890006, denominada "Convenio Asociación Agarimo", do vixente orzamento municipal (2013), co obxecto de colaborar ao financiamento gastos de mantemento da asociación, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade entre o 01/01/13 e o 31/10/12, en definitiva, para o fomento das mesmas.

2. Respetar a estrutura organizativa da "Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo".

3. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou disfrute da subvención e, no se caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se

procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18.3.a) da Lei Xeral de Subvencións, ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos orzamentos municipais.

Sétimo.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

Será requisito necesario que a entidade acredite non incurrir en ningún dos supostos do art. 31.6 LSG.

1.De conformidade co art. 42 e ss. Do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo".

Oitavo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación do 2013.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo" mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 2 de novembro de 2013.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos

resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento

c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificadas e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta que:

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albaráns....
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor.
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...).

- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fehaciente da exención expedida polo órgano ou administración competente.
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de retención e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo.
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE
- o IRPF será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.
 - cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.

- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).

- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) no caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 0552 01 3040004976 (Novagalicia Banco)

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2012, no período comprendido entre o 01/01/13 e o 31/10/13.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o

seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo oitavo.- O presente convenio terá vixencia dende a a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2013, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2013.

7(411).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 15/1389, 23/852, 1272/14, 2/551, 15/3007, 4/45, 16/1278, 13/556, 3/784.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade cos informes-proposta do xefe de área de Benestar Social, conformados pola concelleira-delegada, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D. José Manuel Casal Mato. Expte. 15/1389
- D^a Cristina Lago Caride. Expte. 23/852
- D^a M^a Carmen Solveira Collazo. Expte. 1272/14
- D^a Ermitas Viso Álvarez. Expte. 2/551
- D^a Herminia Pérez Alonso. Expte. 15/3007
- D^a Nieves González López. Expte. 4/45
- D^a Salud González Rodríguez. Expte. 16/1278
- D^a Celia Lloret Lagos. Expte. 13/556
- D^a Aurora García Fernández. Expte. 3/784

8(412).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO” PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INTÉRPRETE DE LÍNGUA DE SIGNOS- ANO 2013. EXPTE. 81402/301.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a proposta de data 12-04-2013, da xefa de servizo da área de Política de Benestar, conformado xefe da área e máis pola concelleira-delegada de Política de Benestar e pola concelleira-delegada de Economía e Facenda; vistos así mesmo os informes xurídicos e de fiscalización de datas 3 e 19 de abril de 2013, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o texto do convenio de colaboración coa Asociación de Persoas Sordas de Vigo, entidade colaboradora co departamento de benestar social, para poñer á disposición das persoas xordas un intérprete de lingua de signos.

Segundo.- Aprobar a concesión dunha subvención directa a Asociación de Persoas Sordas de Vigo, CIF G-36.622.835, por un importe total de 20.000 euros, con cargo á partida 2310.4890002 -convenio programa sordos-.

Terceiro.- Aprobar o gasto por un importe total de 20.000€ euros, a favor da Asociación de Persoas Sordas de Vigo, CIF. G36622835, con cargo á partida 2310.4890002 -Convenio programa sordos- ou a súa bolsa de vinculación.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO” PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INTÉRPRETE DE LÍNGUA DE SIGNOS – ANO 2013».

En Vigo, na Casa do Concello, o de 2013

COMPARECEN

Dunha parte,
O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido polo Secretario de Administración municipal, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

Doutra parte,

D. Antonio Castro Neira, con DNI nº 33.304.797-S, Secretario da “Asociación de Persoas Sordas de Vigo”, CIF nº G-36622835, con enderezo para os efectos de notificación na Avda. Gregorio Espino, nº 38, entrechán, de Vigo.

INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

D. Antonio Castro Neira, actuando en representación da “Asociación de Persoas Sordas de Vigo” por delegación do Presidente, segundo así resulta dos seus estatutos, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, Secretario de Administración municipal, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento, por delegación da Secretaria de Goberno local (Resolucións de datas 19.09.2011 e 20.03.2013).

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a «Asociación de Personas Sordas de Vigo» (en adiante, ASV) é unha ONG que ten como finalidade principal mellorar a calidade de vidas das persoas xordas e que traballa para acadar o recoñecemento legal e social da lingua de signos e pular pola súa investigación e difusión, fomentar a autonomía e a independencia deste colectivo e a eliminación das barreiras de comunicación, potenciando e dando continuidade ós servizos de intérpretes de lingua de signos en todos os ámbitos da vida social, velando tamén pola adecuada formación das persoas intérpretes.

II.- Que ámbalas dúas partes son conscientes de que esas barreiras de comunicación non poderán ser superadas sen a posta en marcha de actuacións específicas que, como a instrumentada no presente Convenio, teñan como obxectivo a efectiva integración das persoas xordas.

III.- Que o Concello de Vigo conta, desde hai anos, cun “Gabinete Técnico de Accesibilidade” como órgano consultivo encargado de garantir no ámbito local o cumprimento da normativa en materia de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de iniciar un proceso sistemático e coordinado para facer real o dereito ó goce da cidade para o amplo colectivo que representan as persoas con algunha discapacidade física, psíquica ou sensorial, entre os que se atopan os discapacitados auditivos.

IV.- Que a Concellería de Política de Benestar é coñecedora da existencia dun colectivo de persoas xordas na cidade que teñen a necesidade específica de acudir ós servizos prestados polos profesionais intérpretes da lingua de signos.

V.- Que a normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social; servizos declarados obrigatorios para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.k) e 26.1.c) LRBRL e 80.2.k) e 81.c) LALGA).

VI.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe competencias ós concellos nesta materia e prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrència competitiva na xestión das subvencións, por razóns xustificadas de interese público poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrència pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

VII.- Que, ademais, segundo a Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia e o seu Regulamento de desenvolvemento (D.35/2000, do 28 de xaneiro), as Administracións públicas galegas deberán fomentar a supresión de barreiras na comunicación e o establecemento dos mecanismos e alternativas técnicas que fagan accesibles os sistemas de comunicación e sinalización a toda a poboación así como a formación de profesionais intérpretes da lingua de signos e guías de xordos-cegos e a existencia nas distintas Administracións públicas deste persoal especializado, facilitando deste xeito a comunicación directa ó discapacitado auditivo ou xordo-cego.

VIII.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais para o ano 2013, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 22.2 e 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 19.4 e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

IX.- Que o presente Convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este Convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da ASV para a prestación do servizo de intérprete da língua de signos.

SEGUNDA.- Para estes efectos, a ASV comprométese a colaborar coa Concellería de Política de Benestar para a realización de actividades que faciliten a comunicación directa ós discapacitados auditivos do municipio de Vigo e, concretamente:

1)A poñer á súa disposición un intérprete da lingua de signos, coa finalidade de ofrecerlles a posibilidade de contar cun profesional que cubra todos aqueles servizos necesarios tales como asistencias a reunións, despachos profesionais, comparecencias en tribunais, consultas médicas, conferencias e cursos (estes últimos, organizados polo Concello de Vigo e/ou a ASV).

2)A contratar os servizos do profesional intérprete da lingua de signos, a organizar e planificar o traballo que vai desempeñar, así como a levar a cabo a avaliación e cantas outras accións sexan

precisas para a correcta realización desta actividade. A Asociación poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste servizo, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase desas persoas co Concello de Vigo.

3)A cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

TERCEIRA.- O réxime de prestación deste servizo será o seguinte:

a)Os servizos a realizar polo profesional intérprete da lingua de signos desenvolveranse seguindo o sistema de "chamada previa"; é dicir, aquelas persoas que necesiten os servizos do intérprete deberán chamar con antelación á ASV comunicando os seus datos persoais, data, lugar e materia para a que se require o servizo.

b)Deberá terse en conta que non todas as demandas poderán ser cubertas na súa totalidade, sobre todo no que ó horario se refire, xa que a unha hora determinada pode atoparse o intérprete realizando outro servizo.

c)Cando se trate de conferencias, relatorios ou semellantes, a organización do evento respectará e facilitará as condicións da sala, a ubicación do intérprete e os descansos periódicos (de 5 a 10 minutos por cada 30 minutos de interpretación realizada), atendendo sempre as peticións formuladas polo profesional intérprete de lingua de signos para favorecer a recepción e a calidade da mensaxe e facilitando sempre e, como mínimo cunha semana de antelación, un resumo ou copia da ponencia a impartir.

d)O horario de prestación de servizos será tan flexible coma sexa posible, fixándose a realización de 48 horas semanais, organizadas pola ASV como mellor conveña para os intereses das persoas que precisen do servizo.

e)O código deontolóxico da profesión de intérprete de lingua de signos garante a confidencialidade, a fidelidade na comunicación e a obxectividade do seu traballo. As condicións nas que se desenvolverán os servizos deben ser claras e explícitas, coñecidas e aceptadas por ámbalas partes.

f)O servizo será totalmente gratuíto para as persoas usuarias do mesmo.

CUARTA.- O Concello de Vigo comprométese a conceder directamente á entidade ASV unha subvención para o exercicio de 2013 por importe de 20.000 € (VINTE MIL EUROS) prevista nominativamente nos seus Orzamentos (partida 2310489002).

QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

-Un 50% da cantidade anual á sinatura do Convenio. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.

-O 50% restante unha vez xustificada a totalidade do importe do Convenio, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.

SEXTA.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do Convenio (2013).

SÉTIMA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

NOVENA.- Para a xustificación da subvención, a beneficiaria deberá achegar, a través do Rexistro xeral municipal, antes do 30 de novembro de 2013, a documentación que xustifique o cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu e a aplicación dos fondos recibidos. Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que constará a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados. Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

a) Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.

b) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.

2. Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.

3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

-Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.

-Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.

-Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación, Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro. Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a Área xestora da subvención procederá ó estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporarase ó expediente e a Área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

DÉCIMA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

UNDÉCIMA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política de Benestar. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DUODÉCIMA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMA TERCEIRA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMA CUARTA.- Como mecanismo de coordinación e solución de posibles controversias na súa aplicación, constituirase unha Comisión mixta de Seguimento do Convenio que estará composta por dous representantes da ASV (D. Miguel Ángel González Lloves, Presidente, e D^a M^a Carmen González Lloves, Técnica, ou as persoas que as substitúan) e dous representantes municipais (unha delas, o/a técnico/a do Departamento de Política de Benestar responsable do Programa/Servizo) e presidida polo/a Concelleiro/a da Área.

DÉCIMA QUINTA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD.1398/1993, do 4 de agosto,

polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMA SEXTA.- O Concello de Vigo resérvase a realización de todo tipo de publicidade e divulgación de información nos medios de comunicación social sobre os servizos e actividades obxecto deste Convenio

DÉCIMA SÉTIMA.- A beneficiaria queda informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados ós ficheiros municipais e de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria. Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común e na L.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política de Benestar.

DÉCIMA OITAVA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerá pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006; polos pactos que se conteñen neste Convenio; as Bases de Execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretario de Administración municipal, dou fe.

9(413).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE GALICIA. EXPTE. 81215/301.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a proposta de data 09-04-2013, da xefa do servizo de Política do Benestar, conformada polo xefe de área, pola súa concelleira-delegada e máis pola concelleira de Economía e Facenda; vistos así mesmo os informes xurídico e de fiscalización de datas 22 de marzo e 15 de abril de 2013, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Prestar aprobación ao texto do convenio de colaboración entre o Exmo. Concello de Vigo e a Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e Outras Demencias de Galicia, de compromiso de dez prazas para enfermos de alzheimer e dez prazas para familiares empadroados no Concello de Vigo, nos talleres que se desenvolvan dentro do programa "Obradoiros Paralelos", sen custo algún para os beneficiarios que serán derivados polo departamento de Política de Benestar.

Segundo.- Aprobar o gasto total de 18.000 euros a favor da Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e Outras Demencias de Galicia, CIF G-36776920, con cargo á partida 2310.4890010 – Convenio AFAGA.

CONVENIO DE COLABORACIÓN COA "ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE GALICIA"

Vigo, ____ de _____ de 2013

REUNIDOS

Dunha parte D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL),

Doutra parte Don Juan Carlos Rodríguez Bernardez, DNI 36073858Z, en calidade de Presidente da Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer de Galicia (AFAGA), CIF G-36776920, con enderezo, a efectos de notificación, na rúa Oliva, 12-2º Of. E, e en representación desta segundo resulta dos seus estatutos, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revocadas

Tendo daquela os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Que a "Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia "AFAGA" e unha entidade colaboradora do departamento de Política de Benestar dende hai anos, e entre os seus fins está prestar atención social específica aos enfermos/as e familiares dos mesmos, xa que segundo di nos seus estatutos, os obxectivos da asociación son entre outros: prestar a asistencia psicolóxica e moral aos familiares dos afectados da enfermidade, asesorar aos familiares en materias legais, sociolóxicas e económicas, facilitar, mellorar e controlar a asistencia dos enfermos para mellorar no posible a calidade de vida. Enténdese o alzheimer como un conxunto de síntomas derivados dunha enfermidade cerebral dexenerativa que se manifesta nunha progresiva perda de memoria, da linguaxe e do xuízo. Descoñécense as causas e non existe tratamento para a súa cura. A finalidade deste convenio consiste na subvención de prazas nos talleres ocupacionais dos que dispón a asociación no seu programa "Obradoiros Paralelos". En concreto subvencionaranse dez prazas no programa de "Obradoiros Paralelos" sen cargo algún para os beneficiarios que serán derivados polo departamento de Política de Benestar seguindo o criterio de que non teñan gravemente afectada a súa capacidade motora e poidan, polo tanto, ser obxecto de estimulación, e dez prazas para apoio aos seus familiares.

II.- O Concello de Vigo e coñecedor da existencia dun colectivo de persoas que teñen a necesidade de acudir a este recurso para poder mellorar a súa calidade de vida. Ademais, este recurso e un complemento dos recursos de servizos sociais de que dispón o Concello.

A Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local establece no seu art. 25.1 que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos favorezan a satisfacción de necesidades da comunidade veciñal. Asemade no seu art. 25.2 K expresa que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas en materia de prestación dos servizos sociais e da promoción e reinserción social. Tamén o art. 26.1 establece que os municipios por si ou asociados deberán prestar os servizos sociais (os de po-boación superior a 20.000 habitantes).

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia no art. 2 pto. 3 dí que os poderes públicos fomentarán, así mesmo, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de ac-

tuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei. No art. 31 Fomento da iniciativa social pto. 1 dí : O cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ao interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ao carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxetivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais. O art. 31 pto.2 dí : Nos termos establecidos na normativa reguladora de subvencións e, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións , por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse suscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.

A subvención que se propón está prevista no orzamento de Política de Benestar e o seu réxime é o de concesión directa ao teor do artigo 22.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e ao artigo 19.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A mais abundamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión, motivacións necesarias, así mesmo, para utilizar o procedemento de concesión directa. A concesión da subvención artículase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinalan as Bases 38 e 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no orzamento de 2013, na partida “Convenio AFAGA” 23104890010, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 18.000€, a favor da Asociación AFAGA.

IV- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a subvención de prazas nos talleres ocupacionais dos que dispón a asociación no seu programa “Obradoiros Paralelos”. En concreto subvencionaranse dez prazas no programa de “Obradoiros Paralelos” sen cargo algún para os beneficiarios que serán derivados polo departamento de Política de Benestar seguindo o criterio de que non teñan gravemente afectada a súa capacidade motora e poidan, polo tanto, ser obxecto de estimulación, e dez prazas para apoio aos seus familiares.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social, que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade AFAGA, o Concello de Vigo e a dita asociación AFAGA, convenian a súa colaboración no ámbito social e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

P A C T O S

Primeiro.-

A entidade AFAGA comprométese a colaborar coa Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo co programa de “Obradoiros Paralelos”, e concretamente a:

- *Levar a cabo o programa “Obradoiros Paralelos” dirixido aos enfermos/as de alzheimer ou outra demencia neurodexenerativa así como a familiares dos enfermos que asisten aos obradoiros de estimulación cognitiva. Os obradoiros van dirixidos a:*
 - *Traballar aspectos cognitivos (orientación temporo-espacial, memoria, linguaxe,...)*
 - *Traballar aspectos funcionais (actividades básicas da vida diaria, motricidade, ...)*
 - *Proporcionar apoio emocional aos familiares dos asistentes aos obradoiros*
 - *Procurar para os familiares un tempo de descanso con actividades lúdicas*
 - *Dotar de coñecementos prácticos aos familiares en relación á atención e cuidados dos enfermos con demencia.*
- *Aceptar ós dez beneficiarios que serán derivados polo departamento de Política de Benestar seguindo o criterio de que non teñan gravemente afectada a súa capacidade motora e poidan, polo tanto, ser obxecto de estimulación, e dez prazas para apoio aos seus familiares.*
- *Que os obradoiros sean impartidos por técnicos especialistas na materia.*
- *En xeral, cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

Segundo.-

O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder directamente á entidade “AFAGA” unha subvención para o exercicio 2013 por importe de 18.000 euros co obxecto de cubrir o coste de dez prazas para enfermos de alzheimer no programa “Obradoiros Paralelos” e dez prazas para apoio aos seus familiares.

Terceiro.-

Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calqueira outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.-

Para o pactado no presente convenio, o Concello, aportará a cantidade de 18.000 euros. con cargo ao programa de gastos 2310, partida 4890010, do vixente exercicio presupuestario

Os pagamentos efectuaráanse do seguinte xeito:

c)50% da cantidade anual, á sinatura do convenio. Ao concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determina a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais,

que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, condidérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, do Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxecto e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.

d)50% restante unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 31 de outubro, mediante facturas orixinais e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e on eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de memoria anual. Ao anterior unirase unha certificación do cumprimento do convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.

Quinto.-

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen durante o ano 2013.

Sexto.-

No caso de que a entidade beneficiaria faga algún tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Política de Benestar.

Sétimo.-

Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias, e estará composta por dúas persoas de AFAGA e dous/duas técnicos/as deste Concello, presidida polo/a Concelleiro/a responsable dos Servicios Sociais ou persoa en quen delegue.

Oitavo.-

A entidade AFAGA comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitarias e de seguridade para os/as usuarios/as do servizo facéndose responsables dos danos e prexuízos que se poidan derivar do seu incumprimento.

Noveno.-

A entidade AFAGA poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a consecución dos seus fins, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que esto supoña relación laboral destas persoas co Concello.

Décimo.-

Para a xustificación convenio, a beneficiaria, antes do 31 de outubro de 2013 deberá presentar no Rexistro xeral os documentos que xustifiquen o total do importe concedido e o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e 28 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o Regula-

mento da Lei Xeral de Subvencións, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

- Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:
 - Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e data de emisión.
 - Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC2 como documentos acreditativos do pago das cuotas da Seguridade Social.
 - Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
 - Unha declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron a actividades subvencionada.

Que foron abonadas aos seus expedidores ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.

Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos a retención, que foi practicada amesma, declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Que se atopa ao corrente das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, ós efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que acredite, mediante declaración xurada, que a entidade está exenta.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo primeiro.-

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo segundo.-

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Política de Benestar. O responsable técnico do programa emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.-

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.-

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora dende o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.-

Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreziación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sexto.-

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política de Benestar.

Décimo sétimo.-

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execu-

ción dos vixentes orzamentos municipaise as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data indicado no encabezamento.

10(414).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE PÓLÍTICA DE BENESTAR E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI PARA O PROGRAMA “VACACIÓNS EN PAZ 2013”. EXPTE. 81473/301.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a proposta do 20-03-2013, da xefa do servizo de Política de Benestar, conformada polo xefe e pola concelleira-delegada de área e así mesmo pola concelleira-delegada de Economía e Facenda; vistos os informes xurídico e de fiscalización de datas 11 e 19 de abril de 2013, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Prestar aprobación ao texto do convenio de colaboración entre a Concellería de Política de Benestar e a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai, CIF: G15924558, para o desenvolvemento do proxecto de acollemento familiar temporal “vacacións en paz 2013”.

Segundo.- Aprobar o gasto de 16.000.- euros con cargo á partida 2310.489.00.11 -convenio saharai- do orzamento de 2013, destinadas a financiar os gastos do desprazamento dende Tindouf ata Vigo de nenos/as saharai procedentes dos campamentos de refuxiados en Tindouf.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAHUI PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO DE ACOLLEMENTO FAMILIAR TEMPORAL “VACACIÓNS EN PAZ 2013”

Na Casa do Concello de Vigo, a de de 2013

REUNIDOS

Dunha parte O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido polo Secretario de Administración municipal, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

Doutra, Dna. Maite Isla Avión, como presidenta da asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai, CIF: G15.924.558 e enderezo social en Vigo, na rúa Gregorio Espino, 31 – entrechán, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario.

INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

Dna. Maite Isla Avión, actuando en representación da “Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai”, segundo así resulta dos seus estatutos, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, Secretario de Administración municipal, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento, por delegación da Secretaria de Goberno local (Resolucións de datas 19.09.2011 e 20.03.2013).

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a entidade asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai ten, entre os seus fins, promover o entendemento e desenvolvemento dos vínculos de amizade entre o Pobo Galego e o Pobo Saharai, auspiciar iniciativas que favorezan o intercambio cultural, social, económico e político entre o pobo saharai e o galego e propiciar e desenvolver proxectos de asistencia humanitaria e programas de cooperación co pobo saharai.

Esta entidade ven desenvolvendo dende hai tempo unha importante labor coa realización do proxecto de acollemento familiar temporal “vacacións en paz”, que posibilita o desprazamento de nenos e nenas saharais dende os campamentos de refuxiados de Tindouf a nosa cidade para seren acollidos por parte de familias viguesas durante os meses de xullo e agosto. Facilitarlles asistencia médica e alimentación, evitar a súa estancia nos campamentos durante estes meses de verán nos que se acadan temperaturas de máis de 50º no deserto, ofertar unha alternativa de ocio e tempo libre, así como, sensibilizar sobre a situación do pobo saharai son algúns dos obxectivos que se pretenden con esta iniciativa.

II.- Que o Concello de Vigo ante as razóns de tipo humanitario e solidario que entrana a actividade subvencionable, xustifica e considera conveniente a concesión desta subvención, cando ademais, os datos apuntan a un crecemento da demanda de familias acolledoras, quedando, incluso, familias sen esta posibilidade, polo que se entende que as Administracións Públicas deben apoiar as actitudes solidarias destes cidadáns, na medida das súas posibilidades, apoio que se traduce en subvencionar o desprazamento destes nenos e nenas ata a nosa cidade. Por outra banda, a asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai conta co recoñecemento do Goberno Saharai para a realización deste proxecto, sendo a única asociación autorizada para levalo a cabo en Galicia, ademais de levar máis de doce anos desenvolvendo no Concello de Vigo.

A Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local establece no seu artigo 25.1 que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos favorezan á satisfacción de necesidades da comunidade vecinal. Asemade no seu art. 25.2 K expresa que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas en materia de prestación dos servizos sociais e da promoción e reinserción social. Tamén o art. 26.1 establece que os municipios por si ou asociados deberán prestar os servizos sociais, sendo competencia de obrigado exercicio nos de poboación superior a 20.000 habitantes.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no art. 2 pto.3 dí que os poderes públicos fomentarán, así mesmo, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na Lei. No art. 31 Fomento da iniciati-

va social pto. 1 dí: O cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ao interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ao carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación aos obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

A subvención que se propón está prevista nominativamente no orzamento de Benestar Social polo que ten a consideración de subvención directa, segundo o artigo 28 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, a máis abondamento, acredítanse razóns de interese público, humanitario e social para a súa concesión, neste caso, o obxecto da subvención vai destinada a financiar os gastos do desprazamento de menores refuxiados do Sáhara Occidental, nenos e nenas, nados no exilio, que sobreviven nunhas condicións de vida moi difíciles, con grandes carencias sanitarias e alimenticias, nun entorno de guerra e que precisan da axuda externa para sobrevivir, motivacións necesarias, así mesmo, para utilizar o procedemento de concesión directa do artigo 19.4 da Lei 7/2009, de subvencións de Galicia. A concesión da subvención artículase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinala as Bases 38 e 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica aos gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

III.- Así, o Concello de Vigo, na partida 2310.489.00.11,-convenio saharauis- do orzamento 2013, prevé, nominativamente, a concesión dunha subvención por importe de 16.000,00.euros, a favor da asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da administración concedente, os intervincentes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a colaboración coa asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai para o desenvolvemento do proxecto de acollemento familiar temporal denominado "vacacións en paz", que consiste no traslado a Vigo de nenos e nenas saharauis, procedentes dos campamentos de refuxiados en Tindouf, para pasar dous meses de verán acollidos por familias viguesas. O número de nenos financiados estará en función do coste do traslado e da cantidade subvencionada.

V.- Que a entidade asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas con este Concello de Vigo.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e humanitario que para a cidade de Vigo representa a actividade da entidade asociación Solidariedade Galega do Pobo Saharai, o Concello de Vigo e a asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai convenian a súa colaboración no ámbito social e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai comprométese a colaborar coa Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo en canto ao traslado de menores saharauis dende Argelia ata Vigo para pasar o verán acollidos en familias da nosa cidade e, concretamente, a:

1.Búsqueda e selección das posibles familias acolledoras.

2. Asignación dos menores ás familias seleccionadas, así como solicitarlles a documentación esixida tanto pola Subdirección do Menor da Xunta de Galicia como pola Subdelegación do Goberno. A asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui comprométese a facilitar ao Concello de Vigo, o nome, enderezo e teléfono de contacto das familias acolledoras.

3. Facer un exhaustivo seguimento do traslado dos menores dende Argelia á nosa cidade, conxuntamente coa Delegación Saharaui para Galicia.

4. Asegurarse de que as familias realizan as correspondentes revisións pediátricas aos menores por mor do convenio asinado coa Consellería de Sanidade e seguindo os criterios e parámetros marcados pola comisión médica da asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui.

5. Dispor do necesario para subscribir as pólizas de seguros que garanten a cobertura de todos os aspectos da actividade.

A asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui queda obrigada a someterse ás actuacións de comprobación que quera efectuar a entidade concedente, cumprindo todas as obrigas en canto á presentación da memoria, xustificación dos gastos e cumprimento de obxectivos.

En xeral, cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Garantir a prestación adecuada das actividades e servizos motivo do convenio.

2. Articular os medios técnicos para a orientación, supervisión e avaliación das accións a desenvolver.

3. Conceder directamente á entidade asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui, unha subvención por importe de 16.000.- euros co obxecto de coadxuvar á financiación para o desenvolvemento do proxecto de acollemento familiar temporal "vacacións en paz 2013".

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. A asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para o desenvolvemento do programa "vacacións en paz 2013" previsto no presente convenio, o Concello de Vigo aportará a cantidade de 16.000.euros.

Os pagamentos efectuaranse do seguinte xeito:

- O 50% do importe total á sinatura do convenio. Ao concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determina a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficia-

ria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver proxectos de asistencia humanitaria e programas de cooperación, que presenta necesidades financeiras que lle impiden realizar cos seus propios medios o proxecto subvencionado, considérase necesario conve- niar un pago anticipado por importe do 50% do total da subvención. De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, do Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedan enoxeradas da constitución de garantías.

- *O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados tal e como se indica no pacto oita- vo.*

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actua- cións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no mo- mento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- Co obxectivo de garantir a adecuada coordinación e cumprimento dos compromisos e obxectivos antes expostos, así como para resolver as controversias, dúbidas e interpretacións do convenio, crearase unha Comisión de Seguimento integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes, sendo presidida pola Concelleira – Delegada da Área de Política de Benes- tar.

Sétimo.- No caso de que a entidade beneficiaria faga algún tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencio- nada mediante previa conformidade da Concellería de Política de Benestar.

Oitavo.- A beneficiaria, no prazo de dous meses a contar dende o remate da actividade subven- cionada e, en todo caso, antes do 31 de outubro de 2013, deberá xustificar o cumprimento da fi- nalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibi- dos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades e gastos realizados; os xustificantes de pago dos gastos realizados con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada, así como unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se acredite, mediante declaración xurada, que a entidade está exenta do IVE ou non presenta declaración por dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixi-

nal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Asimesmo, presentarse unha declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
- Que foron abonadas aos seus expedidores ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
- Que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, aos efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

Noveno.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas tributarias e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo .- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen durante o ano 2013.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Política de Benestar. A/o técnica/o responsable do programa emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estara-se ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e compro-

bación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Benestar Social.

A beneficiaria poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipaise as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

11(415).- ADHESIÓN DO CONCELLO DE VIGO AO “CONVENIO PARA LA CREACIÓN DE UN FONDO SOCIAL DE VIVIENDAS”. EXPTE. 81861/301.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 12-04-2013, do asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar Social conformado polo xefe de área e pola concelleira-delegada de Política de Benestar, que di o seguinte:

“I. ANTECEDENTES

Recibido neste Servizo en data 04.04.2013 o «CONVENIO PARA LA CREACIÓN DE UN FONDO SOCIAL DE VIVIENDAS», asinado o 17.01.2013 polos ministros/as de Fomento, Economía e Competitividade e Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, os presidentes da FEMP e da Plataforma do Terceiro Sector, os representantes do Banco de España, AEB, CECA, UNACC, AHE e dun total de 33 entidades financeiras, a pedimento verbal da Concelleira delegada da Área de Política de Benestar, emítese o seguinte informe – proposta.

II. NORMATIVA EXAMINADA

- *Declaración Universal de Dereitos humanos, 10 de decembro de 1948 (Art. 25).*
- *PIDESC (Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais, 16 de decembro de 1966; Art. 11.1).*
- *CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).*
- *EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).*
- *L.8/2012, do 29 de xuño, de Vivenda de Galicia.*
- *TRLS/2008 (RDLex.2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).*
- *LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).*
- *LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).*

- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- TRRL (RDLEX. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- L.3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
- RDL.27/2012, do 15 de novembro, de medidas urxentes para reforzar a protección ós debedores hipotecarios.
- Decreto-Lei 6/2013, do 9 de abril, da CA de Andalucía, de medidas para asegurar o cumprimento da función social da vivenda (BOJA nº 69, do 11.04.2013).

III. INFORME

III.1. O TAX que subscribe foi adscrito ó posto de traballo de «Asesor xurídico adxunto» da Área de Benestar social do Concello de Vigo mediante Resolución do Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal do 07.02.2013 e, nesa cualidade e a teor da Resolución da Alcaldía – Presidencia do 20.03.2013, emite o informe – proposta solicitado.

III.2. O Art. 10.2 da CE/1978 sinala que as normas relativas ós dereitos fundamentais e ás liberdades que a Constitución recoñece interpretaranse conforme á Declaración Universal dos Dereitos humanos e ós tratados e acordos internacionais sobre as mesmas materias ratificados por España.

Así, o Art. 25 da Declaración Universal de Dereitos humanos consagra o dereito de toda persoa a un nivel de vida adecuado que lle asegure a él, así como á súa familia, a saúde e o benestar e, en especial, a alimentación, o vestido, A VIVENDA, a asistencia médica e os servizos sociais necesarios, debendo os Estados tomar as medidas apropiadas para garantir a efectividade dese dereito (Art. 11.1 PIDESC).

III.3. Nesta mesma liña de principios, a CE/1978 regula, no marco dos principios rectores da política social e económica, o dereito de todos os españois a gozar dunha vivenda digna e axeitada e ordea ós poderes públicos promover as condicións necesarias e establecer as normas pertinentes para faceren efectivo este dereito. Enténdese por “vivenda digna e axeitada” a que cumpre os requisitos técnicos e teña a calidade necesaria para satisfacer as necesidades residenciais das persoas titulares e usuarias (Art. 3 L.8/2012, do 29 de xuño, de Vivenda de Galicia).

III.4. Sen embargo, a pesar da importancia formal outorgada ó dereito á vivenda, o certo é que, na práctica, ven sendo considerada como un simple ben de consumo suxeita á leis do mercado e que a grave crise económica e financeira dos últimos anos provocou en España un progresivo incremento do número de familias que, tendo accedido no seu día á súa vivenda habitual mediante o financiamento hipotecario, hoxe non poden facer fronte ó pagamento dos préstamos, resultando finalmente desaloxadas das súas vivendas.

En efecto, segundo datos da enquisa realizada no mes de febreiro deste ano polo «Colegio de Registradores de la Propiedad, Bienes Muebles y Mercantiles de España», durante o ano 2012 expedíronse un total de 65.778 certificacións por inicio de execución hipotecaria sobre vivenda, sendo o número final de adxudicacións de 38.976. Máis do 70% destas execucións hipotecarias corresponderon a primeira vivenda.

III.5. Con todo, o procedemento de execución hipotecaria en España foi posto en cuestión na recente Sentencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 14.03.2013 (Asunto C-415-11), que

resolveu a petición de decisión prexudicial plantexada polo Xulgado do Mercantil nº 3 de Barcelona mediante Auto do 19.07.2011, no seo do litixio entre o Sr. Mohamed Aziz e «Catalunyacaixa», relativa á interpretación da Directiva 93/13/CEE do Consello, do 05.04.1993, sobre as cláusulas abusivas nos contratos celebrados con consumidores.

O TXUE ditaminou que esa Directiva debe interpretarse no sentido de que se opón a unha normativa dun Estado membro (como a española) que, ó mesmo tempo que non prevé, no marco do procedemento de execución hipotecaria, a posibilidade de formular motivos de oposición baseados no carácter abusivo dunha cláusula contractual que constitúe o fundamento do título executivo, non permite que o xuíz que coñeza do proceso declarativo, competente para apreciar o carácter abusivo desa cláusula, adopte medidas cautelares, entre elas, a suspensión do procedemento de execución hipotecaria, cando acordar tales medidas sexa necesario para garantir a plena eficacia da súa decisión final.

III.6. A gravidade da situación exposta puxo de relevo a necesidade dunha actuación urxente dos poderes públicos nos seus respectivos ámbitos competenciais, dirixida a procurar a salvagarda dos dereitos dos cidadáns vinculados ó uso e goce da súa vivenda habitual.

III.7. Neste contexto, o 17.01.2013 foi asinado en Madrid o «CONVENIO PARA LA CREACIÓN DE UN FONDO SOCIAL DE VIVIENDAS» polos representantes do Goberno da Nación, da FEMP, Plataforma do Terceiro Sector (ONG), do Banco de España, das patronais bancarias (asociacións de bancos, caixas de aforros e cooperativas de crédito) e as entidades de crédito que o subscribiron, tentando así dar cumprimento non só ó xenérico mandato contido no precitado Art. 47 da CE/1978, dirixido a todos os poderes públicos, senón tamén á encomenda ó Goberno incluída na Disposición adicional única do RDL.27/2012, do 15 de novembro, de medidas urxentes para reforzar a protección ós debedores hipotecarios, polo que se lle instaba a promover co sector financeiro a constitución dun fondo social de vivendas propiedade das entidades de crédito, destinadas a ofrecer cobertura a aquelas persoas desaloxadas da súa vivenda habitual por impago dun préstamo hipotecario, cando concurrisen nelas circunstancias de especial vulnerabilidade, mediante contratos de arrendamento con rendas asumibles en función dos ingresos que perciban.

Entenden as partes asinantes que a intensidade e gravidade das consecuencias que ocasionan os desafuzamentos sobre as circunstancias persoais e sociais das familias esixen a adopción de medidas por parte de todos os axentes económicos e sociais como a que se instrumenta mediante este Convenio.

III.8. Así, pois, o «CONVENIO PARA LA CREACIÓN DE UN FONDO SOCIAL DE VIVIENDAS» ten por obxecto promover a creación, por parte das entidades de crédito que o subscribiron, de fondos sociais de vivendas que terán como finalidade a posta a disposición de vivendas propiedade da entidade de crédito para o seu arrendamento a persoas que, cumprindo as condicións estipuladas no texto do Convenio, foran desaloxadas da súa vivenda habitual por impago dun préstamo hipotecario e se atopen en situacións de especial vulnerabilidade social.

A vixencia deste Convenio é de 2 anos desde a data da súa subscrición.

III.9. Cada entidade de crédito participante constituirá o seu propio fondo cun número inicial de vivendas, aínda que poderán amplialo. Segundo a información dispoñible, o FSV contaría na actualidade, en toda España, cun total de 5.891 vivendas destinadas ó aluguer, aportadas polas 33 entidades financeiras asinantes do Convenio, repartidas nuns 900 municipios de todo o Estado.

No caso de VIGO, o número de vivendas sería, a 03.04.2013, de 7, das 114 en total existentes en Galicia (Fonte: www.imserso.es/imserso_01/fsva/index.htm).

III.10. As entidades de crédito porán a disposición das posibles persoas beneficiarias, dos Concellos e Deputacións provinciais colaboradores, das ONG que desenvolvan e executen proxectos de inclusión social e da Comisión de Coordinación e Seguimento do FSV, información relativa ás vivendas incluídas no Fondo, ás súas características básicas, distribución por municipios e comunidades autónomas, ós requisitos para acceder ó contrato de arrendamento e ós termos básicos do mesmo, etc. Esta información estará igualmente dispoñible nas sucursais das entidades de crédito e nas súas páxinas electrónicas.

III.11. Para acceder ás vivendas destes fondos sociais das entidades de crédito, as persoas físicas desaloxadas da súa vivenda habitual deberán cumprir as seguintes condicións:

- a) Que o deafiuamento se producise como consecuencia dunha demanda de execución, por impago dun préstamo hipotecario, iniciada pola mesma entidade de crédito que constitúe o fondo social de vivendas.
- b) Que o deafiuamento sexa posterior ó 01.01.2008.
- c) Que, no momento de presentación da solicitude, o conxunto dos ingresos dos membros da súa unidade familiar non supere o límite de 3 veces o IPREM (= 1.597,53 €) e que ningún deles dispoña de vivenda en propiedade ou dun dereito de usufructo sobre unha vivenda.
- d) Que se atope nun suposto de «especial vulnerabilidade»; concepto que inclúe: familias numerosas, unidades familiares monoparentais con 2 ou máis fillos a cargo, unidades familiares das que formen parte, alomenos, 1 menor de ata 3 anos, unidades familiares nas que algún dos seus membros teña declarada unha discapacidade superior ó 33%, situación de dependencia ou enfermidade que lle incapacite acreditadamente de forma permanente para realizar unha actividade laboral; unidades familiares nas que o debedor hipotecario desafiuzado se atope en situación de desemprego e teña esgotado as prestacións por desemprego; unidades familiares coas que convivan, na mesma vivenda, unha ou máis persoas que estean unidas co titular da hipoteca cuxo impago produciu o deafiuamento ou o seu cónxuxe por vínculo de parentesco ata o 3º grao de consanguinidade ou afinidade, e que algún dos seus membros se atopen en situación persoal de discapacidade, dependencia, enfermidade grave que lles incapacite acreditadamente de forma temporal ou permanente para realizar unha actividade laboral e unidades familiares en que exista algunha vítima de violencia de xénero.

III.12. As vivendas integrantes dos FSV contituídos polas entidades de crédito deberán ser propiedade destas, directamente ou a través de sociedades participadas por elas, non atoparse entre os inmobles adxudicados á SAREB en pagamento de débedas (RD.1559/2012, de 15 de novembro) e reunir as condicións axeitadas para o seu uso inmediato polos arrendatarios.

III.13. De acordo coa Cláusula cuarta do Convenio, as condicións esenciais dos contratos de arrendamento destas vivendas serán as seguintes:

- a) A renda estará comprendida entre un mínimo de 150 e un máximo de 400 €/mes, cun límite máximo do 30% dos ingresos netos totais da unidade familiar.
- b) Os gastos do inmovible, incluíndo tributos e obras de reparación, serán por conta do propietario, agás os gastos de subministros (electricidade, auga, gas ou teléfono).
- c) A duración do contrato será de 2 anos, prorrogable por 1 ano máis, a non ser que a entidade arrendadora, logo dunha reavaliación do cumprimento dos requisitos de elexibilidade establecidos, conclúa que estes xa non se cumpren.
- d) O arrendatario obrígase a destinar o inmovible á súa vivenda habitual e a conservalo nas mesmas condicións de uso e habitabilidade existentes no momento da súa entrega.

III.14. O Convenio regula polo miúdo o procedemento de asignación desta vivendas, que se iniciará mediante solicitude dirixida á entidade de crédito titular do préstamo hipotecario cuxo impa-

go motivou o desafuzamento da vivenda habitual do solicitante (ou ás outras entidades de crédito ás que se refire a Cláusula segunda, apdo. 2, pfo. 2º) e se resolverá previa avaliación do cumprimento dos requisitos establecidos (niveis de renda, situación familiar e social...), priorizando en todo caso a situación daquelas persoas que presenten unha maior necesidade e ponderando o risco de exclusión social dos solicitantes.

Estipula o Convenio que para realizar esas valoracións as entidades de crédito solicitarán informe ós servizos sociais do Concello (ou Deputación provincial) que corresponda do municipio de residencia dos solicitantes (sempre, claro está, que previamente se adherisen a el), sen prexuízo da posibilidade de acordar voluntariamente a realización de tales valoracións, directamente, pola Entidade local (Cláusula quinta, apdos. 3, pfo. 2º e 4).

As vivendas asignaranse ás solicitudes recibidas e admitidas antes da finalización de cada trimestre, comezando o pasado 31.03.2013, en función da valoración realizada polas entidades.

III.15. A adhesión por parte dun Concello a este Convenio como institución colaboradora realizárase de acordo co seguinte procedemento:

- 1) Adopción do acordo de adhesión polo órgano municipal competente (Pleno/XGL).
- 2) Formalización da adhesión ó Convenio mediante a subscripción pola Alcaldía – Presidencia do Protocolo que figura como Anexo II.
- 3) Remisión do Protocolo suscrito, xunto cunha certificación do acordo municipal, á «Federación Española de Municipios y Provincias», que os fará chegar á Comisión de Coordinación e Seguimento do Convenio prevista na súa Cláusula novena. Unha vez recibido o Protocolo de adhesión pola citada Comisión, a Entidade local poderá realizar xa as funcións de colaboración coas entidades de crédito previstas no Convenio.

III.16. De adoptarse polo Concello de Vigo a decisión de adherirse ó Convenio, decisión eminentemente discrecional, os compromisos que asumiría esta Administración pasarían por desenvolver as seguintes funcións:

- Asesoramento ás persoas que demanden información sobre o procedemento para solicitar unha vivenda destes fondos sociais.
- Emisión por parte dos servizos sociais do Concello, no prazo de 15 días desde que se reciban as solicitudes, dos informes sobre a valoración das circunstancias sociais dos solicitantes. Para o caso de que se formalizase un acordo voluntario de colaboración entre o Concello e as entidades de crédito, asumiríase directamente polos servizos sociais a avaliación desas solicitudes.
- Difusión e información ós cidadáns sobre o obxecto e contido do Convenio.

III.17. De acordo coa información recabada da FEMP, que promove activamente a incorporación dos Concellos a esta iniciativa, ata o de agora máis de 230 Entidades locais adheríronse xa ó «Fondo Social de Vivienda» e outros 30 concellos anunciaron a súa próxima adhesión (datos de 28.03.2013).

O meirande número de municipios adheridos ata a data están situados en Cataluña (57), a Comunidade Valenciana (39), Madrid (29) e Andalucía (19), figurando entre eles capitais de provincia como Granada, Málaga, Huesca, Oviedo, Santa Cruz de Tenerife, Santander, Burgos, León, Salamanca, Soria, Valladolid, Ciudad Real, Toledo, Barcelona, Tarragona, Alicante, A Coruña, Palma de Mallorca e Madrid e outros grandes municipios como El Ejido, Gijón, Hospitalet, Santa Coloma, Reus, Alcoy, Benidorm, Elche, Santiago de Compostela, Alcalá de Henares, Fuenlabrada, Torrejón de Ardoz, Irún ou Molina de Segura, entre outros; ademais das Deputacións Provinciais de Soria e Ourense.

En Galicia, o número de Entidades locais xa adheridas é de 17 (Fontes: FEMP e www.imserso.es/imserso_01/fsva/index.htm).

Non todas as Entidades locais apuntadas corresponden a municipios de grande tamaño poboacional, tamén os hai medianos ou pequenos, como Bornos (Cádiz), Vélez Málaga, Jaca (Huesca), Velilla de Ebro (Zaragoza), Tacoronte (Tenerife), Villanueva de Duero (Valladolid), Benavente (Zamora), San Clemente (Cuenca), Carranque (Toledo), Salt (Girona), Masquefa (Barcelona), Sant Mateu (Castellón), Silla (Valencia), Curtis (A Coruña), Uruñuela (La Rioja), Loeches (Madrid), Barañain (Navarra) ou Archena (Murcia), entre outros moitos.

A poboación representada por todas as Entidades locais adheridas estaría próxima ós 16 millóns de habitantes.

III.18. Evidentemente, a situación de emerxencia social e económica na que se atopan moitas das persoas e familias afectadas polos desafuzamentos das súas vivendas habituais como resultado de procedementos de execución hipotecaria instados polas propias entidades financeiras pode ser abordada desde perspectivas distintas e a través doutros instrumentos de intervención pública.

Neste sentido, cómpre salientar –a título meramente informativo- a recente aprobación polo goberno da Comunidade autónoma de Andalucía do Decreto-Lei 6/2013, do 9 de abril, de medidas para asegurar o cumprimento da función social da vivenda (BOJA nº 69, do 11.04.2013; en vigor desde o 12.04.2013), que articula unha verdadeira acción pública de policía dirixida ás miles de VIVENDAS DESOCUPADAS propiedade de persoas xurídicas, en especial, de entidades financeiras e as súas filiais inmobiliarias, entidades de xestión de activos, incluídos os procedentes da reestruturación bancaria e entidades inmobiliarias.

Ademais, este Decreto-Lei 6/2013, na súa Disposición adicional segunda, declara de interese social a cobertura de necesidade de vivenda das persoas en especiais circunstancias de emerxencia social incursas en procedementos de desafuzamento por execución hipotecaria, para os efectos de EXPROPIACIÓN FORZOSA DO USO DA VIVENDA obxecto do mesmo por un prazo máximo de 3 anos desde a data do lanzamento acordado polo órgano xurisdiccional competente.

III.19. Con independencia da decisión que ó respecto se adopte polo órgano de goberno municipal, desde o punto de vista competencial esta actuación de colaboración dos servizos sociais municipais coas entidades financeiras para a xestión do FSV estaría expresamente lexitimada, segundo resulta do disposto nos Arts. 25.1 e 2.k) e 26.1.c) da LRBRL, Arts. 80.1 e 2.k), 81.c) e 86 da LALGA, Arts. 60-62 da L.13/2008, Art. 8.2 da L.3/2011, etc.

III.20. Por último, e salvo mellor criterio, entendo innecesario que antes de adoptarse o acordo que proceda polo órgano competente se recabe informe de fiscalización previa da Intervención xeral municipal, como sí resulta obrigado cando se propón subscribir convenios dos que se deriven obrigas económicas (Base nº 40.3), toda vez que a adhesión do Concello de Vigo ó presente Convenio carece –segundo o exposto- de transcendencia económica.

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de aplicación, propónse á Xunta de Goberno Local (Art. 127 LRBRL), coa conformidade da Xefatura e da Concellería delegada de Área de Política de Benestar (Apdo. cuarto, Resolución Alcaldía – Presidencia do 07.02.2013; BOP nº 46, do 06.03.2013), a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO: Adherirse ó «CONVENIO PARA LA CREACIÓN DE UN FONDO SOCIAL DE VIVIENDAS» asinado en data 17.01.2013 en Madrid polos representantes do Goberno da Nación, da FEMP, da Plataforma do Terceiro Sector (ONG), do Banco de España, das patronais bancarias e diversas entidades de crédito coa finalidade de poñer a disposición vivendas propiedade destas entidades para o seu arrendamento a personas que, cumprindo as condicións estipuladas no Convenio, foran desaloxadas da súa vivenda habitual por impago dun préstamo hipotecario con posterioridade ó 01.01.2008 e se atopen en situacións de especial vulnerabilidade social.

SEGUNDO: Formalizar esta adhesión mediante a subscripción polo Alcalde – Presidente do Protocolo que figura como Anexo II do Convenio.

TERCEIRO: Remitir de inmediato o Protocolo suscrito, xunto cunha certificación do acordo municipal adoptado, á «Federación Española de Municipios y Provincias», que os deberá facer chegar á Comisión de Coordinación e Seguimento do Convenio». Non obstante, o órgano resolutorio decidirá co seu superior criterio o que estime máis conveniente.»

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(416).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 57.370,92 € A FAVOR DE EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.A. POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE APOIO Á UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENTES CEDRO- MARZO 2013. EXPTE. 1970/315.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 10-04-2013, da técnica de Servizos Económicos de Política de Benestar, conformado polo xefe de área e pola concelleira-delegada, visto o informe de fiscalización do 16-04-2013, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 57.370.92 euros, a favor de EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A. (CIF: A-79022299), pola prestación dos servizos de apoio á unidade asistencial de drogodependencias CEDRO durante o mes de marzo de 2013.

Segundo.- Imputar o gasto de 57.370.92 euros á partida orzamentaria 3133.2279901 “Servicio Metadona”, minorando dito importe do RC 201300013838 de 172.112.76 euros.

13(417).- PROPOSTA DE INADMISIÓN DO RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO POR R. CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA S.A. EXPTE. 5896/113.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 19-04-2013, da técnica de Admon. Xeral de Contratación, conformado pola concelleira-delegada de área que di o seguinte:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Directiva 2004/18/CE, de 31 de marzo de 2004, sobre coordinación dos procedementos de adxudicación dos contratos públicos de obras, de subministro e de servizos (Directiva 2004/18/CE).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo integral de comunicacións do Concello de Vigo por procedemento aberto (PCAP).*
- *Prego de prescricións técnicas que rexerán o contrato do servizo integral de comunicacións do Concello de Vigo (PPT).*
- *Real Decreto de 24 de xullo de 1889, polo que se aproba o Código Civil (CC).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).*
- *Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns ós Servizos Públicos (LAE).*
- *Real Decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica (RD 3/2010).*
- *Real Decreto 541/2001, de 18 de maio, polo que se establecen determinadas especialidades para a contratación de servizos de telecomunicación (RD 541/2001).*
- *Real Decreto 1671/2009, de 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.*

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 18 de xaneiro de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou:

“Primeiro - Aproba-lo gasto de 1.845.762,71€ (ano 2013: 307.627,11€; 2014: 461.440,68€; 2015: 461.440,68€; 2016: 461.440,68€; 2017: 153.813,56€), para a contratación do servizo integral de comunicacións municipal, que se imputarán á partida 9220.2220000 “gastos telefónicos dependencias municipais”.

Segundo.- Aproba-lo expediente de contratación por procedemento aberto con múltiples criterios de adxudicación para o servizo integral de comunicacións do Concello de Vigo, que contén o prego de cláusulas administrativas particulares do 28 de decembro de 2012 e prego de prescricións técnicas particulares suscrito polo Xefe do Servizo de Administración Electrónica, en data 26 de decembro de 2012.

Terceiro.- Delegar a competencia de aprobación de modificacións para o contrato do servizo integral de comunicacións, expediente 5896/113, no Concelleiro-delegado da área de Fomento, das que deberá dar conta trimestralmente na Xunta de Goberno Local

Cuarto.- Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a inserción de anuncios no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial da Unión Europea”.

Segundo.- En data 26 de marzo de 2013, Dña. Ana Pardo Antequera, en nome e representación de R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A. (en adiante R ou o recorrente), anuncia a interposición de recurso especial en materia de contratación contra o Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo integral de comunicacións do Concello de Vigo por procedemento aberto.

Terceiro.- En data 26 de marzo de 2013, Dña. Ana Pardo Antequera, en nome e representación de R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A., interpón recurso especial en materia de contratación contra o Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo integral de comunicacións do Concello de Vigo por procedemento aberto.

Cuarto.- En data 4 de abril, o servizo de contratación municipal lle da traslado do recurso ós licitadores do citado procedemento: UTE TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U. - TELEFONICA MOVILES ESPAÑA, S.A.U., e VODAFONE ESPAÑA, S.A.U.

Quinto.- En data 9 de abril de 2013, D. José Martínez Ferreiro, en nome e representación da UTE TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U. - TELEFONICA MOVILES ESPAÑA, S.A.U., formula alegacións ó recurso interposto por R.

Sexto.- Durante a substanciación do procedemento de recurso solicitáronse os seguintes informes:

- *Informe do servizo de Administración electrónica, de data 15 de abril de 2013.*
- *Informe de VORTAL CONNECTING BUSINESS, S.A. (en adiante, VORTAL), de data 18 de abril de 2013.*

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local aprobou o expediente para a contratación por procedemento aberto do servizo integral de comunicacións do Concello xuntamente co gasto, en data 18 de xaneiro de 2013, e acordou abrir o procedemento de licitación. No expediente se inclúen os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares, tal e como determina o artigo 109.3 do TRLCSP. É obxecto da presente impugnación o prego de cláusulas administrativas particulares.

Segundo.- É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ó presente contrato. Os contratos se rexen en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda CC). En consecuencia, o presente contrato réxese polas seguintes disposicións:

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP), no que non se opoña ó TRLCSP.*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.*

Terceiro.- A lexislación de contratos (artigos 40 a 49 TRLCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe os recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación de contratos suxeitos a regulación harmonizada (suposto no que pode encadrarse o presente procedemento), contratos de servizos comprendidos nas categorías 17 a 27 do Anexo II de contía igual ou superior a 200.000 euros ou contratos de xestión de servizos públicos nos que o orzamento de gastos de primeiro establecemento sexa superior a 500.000 euros e o prazo de duración superior a cinco anos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 40.6 TRLCSP).

Cuarto.- É preciso, en primeiro lugar, analizar si concorren no presente recurso os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais para a admisión do mesmo.

En canto os requisitos obxectivos, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos citados no parágrafo anterior (artigo 40.2 TRLCSP):

- Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.*
- Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. Consideraranse actos de trámite que determinan a imposibilidade de continuar o procedemento os actos da Mesa de Contratación polos que se acorde a exclusión de licitadores.*
- Os acordos de adxudicación adoptados polos poderes adxudicadores.*

Así, a impugnación do prego de cláusulas administrativas particulares é un acto susceptible deste recurso.

En relación ós requisitos subxectivos, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso ás persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos víronse prexudicados ou poidan resultar afectados polas decisións obxecto de recurso (artigo 42 TRLCSP). E dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública senón que é preciso unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación ad causam. Para precisar esta cuestión é preciso acudir a doutrina elaborada polos Tribunais Central e Territoriais de recursos contractuais, segundo a cal para determinar se o recorrente con motivo do recurso interposto pode obter algún beneficio ou evitar prexuízo de algún tipo é requisito imprescindible que o recorrente óbste a capacidade necesaria para subscribir o correspondente contrato atendendo ó obxecto do mesmo (Resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (TACRC 170/2011). Dado que a mercantil recorrente é un operador de telefonía, e o obxecto do contrato son os servizos de telefonía, se lle recoñece lexitimación activa.

Como requisitos formais a lei esixe que o recurso se anuncie previamente e se presente por escrito.

O escrito anunciando o recurso deberá especificar o acto do procedemento que vaia ser obxecto do mesmo, e se presentará ante o órgano de contratación no prazo de interposición do recurso (artigo 44.1 TRLCSP), requisito que se cumpre no presente caso.

O escrito de interposición deberá presentarse no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para a resolución do recurso (artigo 44.3 TRLCSP). No mesmo farase constar o acto recorrido, o motivo que fundamente o recurso, os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente e, no seu caso, as medidas provisionais, cuxa adopción solicite (artigo 44.4 TRLCSP) e deberá acompañarse da seguinte documentación:

- O documento que acredite a representación do comparecente.*

- O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por haberlla transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que recaia ou do xornal oficial ou perfil de contratante en que se publicou.
- O documento ou documentos en que funde o seu dereito.
- O xustificante de dar cumprimento ó establecido no apartado 1 deste artigo.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente.

Por último, respecto ós requisitos temporais, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que se remita a notificación do acto impugnado. Neste mesmo prazo deberá presentarse o preceptivo escrito anunciando o recurso. No entanto, cando o recurso se interpoña contra o contido dos pregos e demais documentos contractuais, o cómputo iníciarase a partir do día seguinte a aquel en que os mesmos sexan recibidos ou postos a disposición dos licitadores ou candidatos para o seu coñecemento (artigo 44. 2.a TRLCSP). O anuncio da licitación deste procedemento foi subido ó perfil do contratante do Concello de Vigo o día 21 de xaneiro de 2013 as 13.05, e os pregos, tanto o de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas foron postos a disposición dos interesados no citado perfil no mesmo día as 13.06, tal e como consta no propio perfil, en cumprimento do disposto no artigo 53.3 do TRLCSP que prevé que “O sistema informático que soporte o perfil de contratante deberá contar cun dispositivo que permita acreditar fehacientemente o momento de inicio da difusión pública da información que se inclúa no mesmo”. Así mesmo foi publicado nos seguintes diarios oficiais:

- *Diario Oficial da Unión Europea: 23/01/2013*
- *Diario Oficial de Galicia: 13/02/2013*
- *Boletín Oficial da provincia de Pontevedra: 14/02/2013*
- *Boletín Oficial del Estado: 16/02/2013*

Nos procedementos de adxudicación suxeitos a regulación harmonizada, como o que nos ocupa, o prazo de presentación de proposicións será como mínimo de cincuenta e dous días, contados desde a data do envío do anuncio do contrato á Comisión Europea. Prazo que poderá reducirse en cinco días cando se ofrezca acceso por medios electrónicos ós pregos e á documentación complementaria (artigo 159 TRLCSP), circunstancia que se cumpre neste caso. En consecuencia, o cómputo do prazo de presentación de ofertas (47 días) iniciouse o 24 de xaneiro e rematou o día 11 de marzo de 2013.

O cómputo do prazo de interposición do recurso contra pregos publicados en forma electrónica, informática ou telemática, segundo a doutrina do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (en adiante TACRC), por razóns de seguridade xurídica deberá computarse “a partir de la fecha límite de presentación de las proposiciones, en cuanto que la Ley 30/2007 en el artículo 314.2 letra a), cuando señala que el cómputo para la interposición del recurso será a partir del día siguiente a que los pliegos hayan sido recibidos o puestos a disposición de los licitadores o candidatos, lo hace por referencia al artículo 142 de la citada ley, en el cual se contemplan supuestos de notificación para cuando no se haya facilitado el acceso a los pliegos por medios electrónicos, informáticos y telemáticos (...)” (RTACRC 21/2011), doutrina que aplica o recorrente. No entanto, a mesma resolución excepcióna desta regra o caso no que o recorrente houbera podido coñecer os pregos con anterioridade a esta data, se ben esixe que o recurso se interpoña unha vez iniciado o prazo de presentación de proposicións. Así, continúa a citada resolución RTACRC 21/2011 dicindo que “sin perjuicio de que el citado recurso contra los pliegos se haya podido interponer con anterioridad a esa fecha, como consecuencia de que se haya podido acceder a los pliegos publicados en fecha evidentemente anterior a la fecha límite de presentación de las proposiciones, ya sea en la Plataforma de Contratación del Estado o en

el perfil del contratante del órgano de contratación, si bien siempre en un momento posterior a la convocatoria de la licitación de conformidad con lo previsto al respecto en la Ley de Contratos del Sector Público". No caso que nos ocupa é preciso ter en conta que, se ben os pregos se puxeron a disposición dos interesados por medios informáticos, a través do perfil do contratante, o recorrente solicitou, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 24 de xaneiro de 2013, que lle fora entregada a documentación necesaria para presentar oferta no procedemento de referencia, o cal evidencia o seu coñecemento da publicación do procedemento no perfil do contratante. A documentación solicitada lle foi entregada o día 24 de xaneiro de 2013, segundo consta na acta de comparecencia firmada polo seu representante D. Severino Castromán Souto. En consecuencia, o prazo de interposición do presente recurso deberá computarse a partir do día seguinte o día no que recolleu a documentación (24.01.2013), posto que ese mesmo día comezou o prazo para a presentación de ofertas, e non do día no que esta estivo a disposición dos interesados no perfil do contratante (21.01.2013), prazo que finalizaría o día 13 de febreiro. En consecuencia a interposición do recurso especial en materia de contratación en data 26 de marzo de 2013 foi extemporánea, o ter finalizado xa o prazo de interposición do mesmo para impugnar o contido dos pregos e demais documentos contractuais. Se ben o recurso reúne os requisitos subxectivos, obxectivos e formais esixidos pola lei, non procede a súa admisión por canto a súa interposición foi extemporánea, en consecuencia, non poderá resolverse sobre o fondo do mesmo.

Quinto.- Interposto o recurso, a lei impón o seu traslado ós restantes interesados, dentro dos cinco días hábiles seguintes á interposición, concedéndolles un prazo de cinco días hábiles para formular alegacións (artigo 46.3 TRLCSP). Durante este prazo formulou alegacións a UTE TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U. - TELEFONICA MOVILES ESPAÑA, S.A.U. (en adiante, a UTE), mediante escrito con data de entrada no rexistro xeral deste concello de 9 de abril de 2013.

A UTE TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U. - TELEFONICA MOVILES ESPAÑA, S.A.U., no seu escrito de alegacións ó presente recurso manifesta que:

- 1ª.- O recurso especial en materia de contratación interposto por R debería ser inadmitido por canto co mesmo non achega o xustificante de ter realizado o anuncio previo da interposición do recurso.
- 2ª.- Solicita a declaración de inadmisión do recurso por extemporáneo.
- 3ª.- Solicita así mesmo a inadmisión do recurso por falta de lexitimación activa do recorrente por non terse presentado á licitación.
- 4ª.- Considera que as afirmacións efectuadas por R con relación a que a plataforma utilizada polo Concello para a licitación electrónica, VORTALGOV, non cumpre cos requisitos establecidos ó respecto no TRLCSP, carecen manifestamente de fundamento e amosan a mala fe do recorrente por canto a licitación electrónica so é unha das tres formas de presentación de proposicións arbitradas para este procedemento no PCAP e, en consecuencia, solicita a desestimación do recurso.
- 5ª.- Por último se refire a nulidade de pleno dereito alegada polo recorrente polo establecemento de servizos de comunicacións nun lote único que englobe servizos de voz fixa e móbil, datos e internet, circunstancia coa que tampouco está conforme por canto a lexislación non impón a licitación dos servizos de telecomunicacións en lotes separados.

Conclúe solicitando a inadmisión do recurso e subsidiariamente, no caso de admitirse, que se proceda a súa desestimación en virtude do exposto.

Analizaremos estas cuestións e as demais plantexadas nos fundamentos xurídicos que seguen.

Sexto.- Aínda que non procede entrar no fondo do recurso, a informante estima necesario, en aras do principio de transparencia que rexe a actividade administrativa (artigo 3.5 LRJAP), que non quede ningunha das cuestións plantexadas por tratar. En consecuencia, nos fundamentos

xurídicos seguintes nos referiremos tamén as alegacións formuladas por R no seu escrito de recurso. Por razóns de sistemática nos referiremos de forma conxunta as alegacións tanto do recorrente como da UTE licitadora por canto moitas delas se refiren ós mesmos aspectos.

As alegacións de R no seu escrito de recurso se poden condensar nas seguintes:

1º.- Que o PCAP que rexe o presente concurso permite que a presentación das proposicións se poida realizar de forma electrónica a través da plataforma VORTALGOV, propiedade de VORTAL CONNECTING BUSINESS, S.A. O recorrente considera que a mesma non cumpre cos requisitos esixidos na disposición adicional décimo sexta e no artigo 140 do TRLCSP, e nos artigos 4, 6 e 10 da LAE pois:

1. Non é de titularidade do órgano de contratación.
2. Non garante a confidencialidade das ofertas posto que a información das mesmas se entrega á empresa titular da web, que non é o órgano de contratación.
3. Se obriga ós licitadores a rexistrarse na web dun terceiro e aceptar as condicións de uso.

Á vista destas circunstancias considera que o PCAP é nulo de pleno dereito.

2º.- O PCAP fixa un lote único para os servizos de comunicacións do Concello. A xuízo do recorrente é nulo de pleno dereito por vulnerar o disposto no artigo 5 do RD 541/2001, de 18 de maio, que di que "O obxecto do contrato definirá as necesidades que se queiran satisfacer mediante a celebración do contrato, realizando unha descrición detallada das mesmas, establecendo, sempre que sexa posible, lotes separados daqueles servizos que polas súas características permítano. Neste caso poderase prever no pliego de cláusulas administrativas particulares a posibilidade de presentar tamén ofertas integradoras de varios ou de todos os lotes licitados".

Sétimo.- Respecto a primeira alegación do escrito da UTE, hai que por de releve que R si anunciou a interposición do recurso mediante escrito de data 26 de marzo de 2013. Se ben, no presente caso, aínda que non o tivese anunciado, é doutrina consolidada dos tribunais administrativos especiais en materia de contratación que non é necesario presentar escrito anunciando a interposición cando o recurso se presenta ante o propio órgano de contratación, e en consecuencia non sería causa de inadmisión, se non que unicamente, no seu caso, se solicitaría a subsanación do escrito de recurso prevista no artigo 44.5 do TRLCSP. Se fundamenta este criterio en que "el anuncio de interposición está establecido por el legislador con la finalidad de que el órgano de contratación sepa que contra su resolución, sea cual fuere esta, se va a interponer el pertinente recurso. Por tanto, la omisión del requisito en los casos en que la interposición del recurso se verifique directamente ante el órgano de contratación, como es el caso del expediente en cuestión, no puede considerarse como un vicio que obste a la válida prosecución del procedimiento y el dictado de una resolución contra el fondo del recurso" (RTACRC 211/2011).

Oitavo.- Respecto a segunda alegación, a extemporaneidade do recurso, e a terceira, a falla de lexitimación do recorrente por carecer da calidade de licitador, do escrito da UTE se da por reproducido o consignado no fundamento xurídico cuarto.

Noveno.- A cuarta alegación da UTE versa sobre as afirmacións efectuadas por R no apartado 8 do seu escrito de recurso con relación a que a plataforma utilizada polo Concello para a licitación electrónica non cumpre cos requisitos legais.

Considera a UTE que "resulta patente a mala fe da recorrente que obvia señalar que la presentación de las ofertas a través de dicha plataforma es una de las tres formas que se contemplan en el PCAP para dicha presentación, pues también cabía hacerla a través del Registro General del Ayuntamiento y por correo" e afirma a seguridade da plataforma ó cumprir os requirimentos do RD 3/2011 e ter a certificación da norma ISO 27001: 2005, patrón internacionalmente recoñecido para a seguridade da información.

É preciso comezar analizando os presupostos legais da licitación electrónica antes de xustificar o cumprimento pola plataforma VORTALGOV dos estándares de seguridade esixidos pola nosa lexislación.

A Lei 11/2007 ó recoñecer por primeira vez no noso ordenamento xurídico o dereito dos cidadáns a relacionarse coas Administracións públicas por medios electrónicos (artigo 1 LAE) impón a correlativa obriga para as Administracións públicas de posibilitar o exercicio dese dereito.

En materia contractual, a disposición adicional décimo quinta do TRLCSP, no seu apartado 1, nesta liña de posibilitar ó uso de medios electrónicos polos administrados nas súas relacións coas Administracións públicas, determina que “as comunicacións e intercambios de información que deban efectuarse nos procedementos regulados nesta Lei poderán facerse, de acordo co que establezan os órganos de contratación, por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos”, no mesmo sentido que o artigo 42 da Directiva 2004/18/CE.

Hai un aspecto esencial que o sistema ten que garantir, a saber, a súa confidencialidade, e, en consecuencia, a súa inviolabilidade. Efectivamente o artigo 145.2 TRLCSP sinala que “as proposicións serán secretas e arbitraranse os medios que garantan tal carácter ata o momento da licitación pública”.

En desenvolvemento da Lei 11/2007 nos aspectos da seguridade dos sistemas de tecnoloxías da información utilizados polas Administracións públicas, o RD 3/2011 regula o esquema nacional de seguridade (ENS) no ámbito da administración electrónica establecido no artigo 42 LAE e determina a política de seguridade que se ha de aplicar na utilización dos medios electrónicos ós que se refire a citada Lei.

O Esquema Nacional de Seguridade (ENS) é un instrumento que permite garantir os dereitos dos cidadáns na Administración electrónica, e está constituído polos principios básicos e requisitos mínimos requiridos para unha protección adecuada da información. Será aplicado polas Administracións públicas para asegurar o acceso, integridade, dispoñibilidade, autenticidade, confidencialidade, trazabilidade e conservación dos datos, informacións e servizos utilizados en medios electrónicos que xestionen no exercicio das súas competencias.

A finalidade do Esquema Nacional de Seguridade, segundo a Exposición de motivos do RD 3/2011, é o “establecemento de medidas para garantir a seguridade dos sistemas, os datos, as comunicacións, e os servizos electrónicos, que permita ós cidadáns e ás Administracións públicas, o exercicio de dereitos e o cumprimento de deberes a través destes medios. (...) O Esquema Nacional de Seguridade persegue fundamentar a confianza en que os sistemas de información prestarán os seus servizos e custodiarán a información de acordo coas súas especificacións funcionais, sen interrupcións ou modificacións fora de control, e sen que a información poida chegar ó coñecemento de persoas non autorizadas. (...) Entendendo por seguridade das redes e da información, a capacidade das redes ou dos sistemas de información de resistir, cun determinado nivel de confianza, os accidentes ou accións ilícitas ou malintencionadas que comprometan a dispoñibilidade, autenticidade, integridade e confidencialidade dos datos almacenados ou transmitidos e dos servizos que ditas redes e sistemas ofrecen ou fan accesibles.”

O RD 3/2011 impón a obriga de someter os sistemas de información aplicados polas Administracións a unha auditoría da seguridade, polo menos cada dous anos, que verifique o cumprimento dos requirimentos do presente Esquema Nacional de Seguridade (artigo 34).

A Administración, en virtude do principio de liberdade de pactos consagrado no artigo 25 TRLCSP pode contratar libremente servizos electrónicos coa única limitación de que estes non impliquen o exercicio da autoridade inherente ós poderes públicos (artigo 301.1 TRLCSP). E en uso desta liberdade, ante a falla de recursos propios para poder ofertar a posibilidade de licitar electronicamente ós administrados interesados, o Concello decidiu contratar a un terceiro que lle preste o servizo. Terceiro que, como non podía ser de outra maneira, cumpre cos requisitos do esquema nacional de seguridade.

A plataforma VORTAL cumpre cos niveis de seguridade e interoperabilidade conforme o esquema nacional de seguridade no ámbito da administración electrónica. Tal e como se

determina na auditoría de data 10 de febreiro de 2013 que lle foi realizada por una autoridade independente reúne medidas de seguridade de nivel alto.

Efectivamente, segundo manifesta VORTAL no seu informe de data 18 de abril de 2013, se ten sometido a preceptiva Auditoría de Conformidade Legal que prescribe o capítulo V do RD 3/2011 e desenvolve o seu Anexo III con resultado positivo, que confirma que "la Plataforma VORTALGOV contaba con las medidas exigidas por el ENS y, por tanto, el desarrollo de los procedimientos de contratación que sobre ella se desarrollaran gozaban de todas las garantías exigibles a Disponibilidad, Integridad, Autenticidad, Trazabilidad, Disponibilidad y Confidencialidad". E ten a certificación ISO 27001: 2005 (certificado nº IS 515264), tal e como se pode comprobar na documentación aportada xunto co seu informe.

Sobre a garantía de confidencialidade das ofertas e a seguridade na custodia da mesma VORTAL manifesta que la plataforma "posee la característica técnica de que, en cumplimiento de las antedichas exigencias de confidencialidad del ENS, cifra dichas ofertas en el mismo momento de su entrada en la Plataforma. Sólo llegada la fecha de constitución de la Mesa de Contratación y alcanzado el quórum correspondiente para la apertura de los sobres, las ofertas almacenadas en forma cifrada hasta entonces, se descifran automáticamente. Estos extremos fueron puestos en conocimiento del Concello de Vigo y así constan en la descripción técnica de la Plataforma VORTALGOV".

Resulta preciso aclarar que R confunde no seu recurso a sé electrónica co perfil do contratante, tal e como se desprende do apartado sétimo do mesmo. E esixe para a licitación electrónica os requisitos determinados pola lei para a sé electrónica, considerando motivo de nulidade que o perfil do contratante redireccione ós usuarios á páxina web dunha empresa para poder presentar as ofertas electronicamente, así como que esta páxina obrigue os licitadores a darse de alta e aceptar as súas condicións de uso para poder enviar as súas ofertas. Distinto sería se VORTAL ou calquera outra empresa prestase os servizos de sede electrónica ou de perfil do contratante en vez de ós relativos á presentación, encriptación e custodia das ofertas ata a súa apertura na mesa de contratación do órgano de contratación.

A sé electrónica, segundo o artigo 10.1 LAE, é aquela dirección electrónica dispoñible para os cidadáns a través de redes de telecomunicacións cuxa titularidade, xestión e administración corresponde a unha Administración Pública, órgano ou entidade administrativa no exercicio das súas competencias. No regula esta lei o contido específico dunha sé electrónica, pero o mesmo é máis amplo que o de o perfil do contratante. Na sé se aloxa toda a información relativa á Administración titular da mesma, o seu rexistro electrónico e a través da mesma se ofrecen diversidade de servizos ós cidadáns. O Real Decreto 1671/2009, de 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns ós servizos públicos, de aplicación unicamente á Administración do Estado, determina no seu artigo 6.1 o contido mínimo dunha sede electrónica:

1. Identificación da sé, así como do órgano ou órganos titulares e dos responsables da xestión e dos servizos postos a disposición na mesma e, no seu caso, das subsedes dela derivadas.
2. Información necesaria para a correcta utilización da sé incluíndo o mapa da sé electrónica ou información equivalente, con especificación da estrutura de navegación e as distintas seccións dispoñibles, así como a relacionada con propiedade intelectual.
3. Servizos de asesoramento electrónico ao usuario para a correcta utilización da sé.
4. Sistema de verificación dos certificados da sé, que estará accesible de forma directa e gratuita.
5. Relación de sistemas de firma electrónica que, conforme ao previsto neste Real Decreto, sexan admitidos ou utilizados na sé.
6. Normas de creación do rexistro ou registros electrónicos accesibles desde a sé.
7. Información relacionada coa protección de datos de carácter persoal, incluíndo un enlace coa sé electrónica da Axencia Española de Protección de Datos.

E regula no artigo 6.2 os servizos que deberán por as sés electrónicas a disposición dos cidadáns:

1. *Relación dos servizos dispoñibles na sé electrónica.*
2. *Carta de servizos e carta de servizos electrónicos.*
3. *Relación dos medios electrónicos aos que se refire o artigo 27.4 da Lei 11/2007, de 22 de xuño.*
4. *Enlace para a formulación de suxestións e queixas ante os órganos que en cada caso resulten competentes.*
5. *Acceso, no seu caso, ao estado de tramitación do expediente.*
6. *No seu caso, publicación dos diarios ou boletíns.*
7. *No seu caso, publicación electrónica de actos e comunicacións que deban publicarse en taboleiro de anuncios ou editos, indicando o carácter substitutivo ou complementario da publicación electrónica.*
8. *Verificación dos selos electrónicos dos órganos ou organismos públicos que abarque a sé.*
9. *Comprobación da autenticidade e integridade dos documentos emitidos polos órganos ou organismos públicos que abarca a sé que sexan autenticados mediante código seguro de verificación.*
10. *Indicación da data e hora oficial aos efectos previstos no artigo 26.1 da Lei 11/2007, de 22 de xuño.*

O perfil do contratante, á vista do disposto no artigo 53 TRLCSP, poderá incluír calquera datos e informacións referentes á unicamente a actividade contractual do órgano de contratación, e cita a título exemplificativo “os anuncios de información previa contemplados no artigo 141, as licitacións abertas ou en curso e a documentación relativa ás mesmas, as contratacións programadas, os contratos adjudicados, os procedementos anulados, e calquera outra información útil de tipo xeral, como puntos de contacto e medios de comunicación que poden utilizarse para relacionarse co órgano de contratación. En todo caso deberá publicarse no perfil de contratante a adjudicación dos contratos”.

Como se deduce do exposto, o contido da sé electrónica é moito máis amplo que o do perfil de contratante. A primeira se refire a toda a actividade dunha administración e pon a disposición dos cidadáns multitude de servizos e o segundo se refire so a unha parte concreta da actividade dun órgano de contratación pertencente a unha Administración Pública e se limita a ofrecer información sobre a mesma. En consecuencia, os requisitos esixidos para unha e outro son distintos. Con respecto as sés electrónicas, a LAE determina que “O establecemento dunha sé electrónica conleva a responsabilidade do titular respecto da integridade, veracidade e actualización da información e os servizos aos que poida accederse a través da mesma” (artigo 10.2) así como que “dispoñerán de sistemas que permitan o establecemento de comunicacións seguras sempre que sexan necesarias” (artigo 10.4). En tanto que o único requisito que se esixe a un perfil de contratante e que se difunda a través de internet e que se especifique a forma de acceso ó mesmo na páxina Web institucional do órgano de contratación e nos pregos e anuncios de licitación (artigo 53.1 TRLCSP).

En calquera caso, a plataforma VORTALGOV non substitúe ó perfil do contratante e menos fai as funcións de sé electrónica da Administración municipal.

La plataforma VORTALGOV, en ningún momento sustituye al perfil del contratante del Ayuntamiento de Vigo. E tal e como manifesta a empresa VORTAL no seu informe “La aceptación de las Condiciones de Uso de la Plataforma VORTALGOV responden al necesario compromiso por parte de los licitadores de hacer un uso responsable de tales medios”.

Á vista do exposto procedería desestimar a alegación de R relativa a nulidade do prego de cláusulas administrativas particulares pola falla de seguridade da plataforma utilizada polo Concello de Vigo para a licitación electrónica e por non cumprir os requisitos esixidos na LAE para a sede electrónica, pois a mesma cumpre cos requisitos do ENS e posúe a a certificación

ISO 27001: 2005 e non ten relación coa sede electrónica, polo que non debe cumprir os requisitos esixidos para a mesma.

Décimo.- A alegación 5ª da UTE se refire a nulidade de pleno dereito do PCAP alegada polo recorrente, no punto 9º do seu escrito de recurso, polo establecemento de servizos de comunicacións nun lote único que englobe servizos de voz fixa e móbil, datos e internet, circunstancia coa que tampouco está conforme por canto a lexislación non impón a licitación dos servizos de telecomunicacións en lotes separados.

Recordemos que R considera que o PCAP ó fixar un lote único para os servizos de comunicacións do Concello é nulo de pleno dereito por vulnerar o disposto no artigo 5 do RD 541/2001, de 18 de maio, que determina que “O obxecto do contrato definirá as necesidades que se queiran satisfacer mediante a celebración do contrato, realizando unha descrición detallada das mesmas, establecendo, sempre que sexa posible, lotes separados daqueles servizos que polas súas características permítano. Neste caso poderase prever no prego de cláusulas administrativas particulares a posibilidade de presentar tamén ofertas integradoras de varios ou de todos os lotes licitados”.

Alega ó respecto a UTE que o RD 541/2001 non é de aplicación á Administración local. Efectivamente ó mesmo dispón no seu artigo 2 o seu ámbito subxectivo de aplicación que se circunscribe á os órganos da Administración Xeral do Estado e os organismos públicos da mesma ós que lle sexa de aplicación á lexislación de contratos, así como ás Entidades xestoras e Servizos comúns da Seguridade Social.

Continúa a UTE manifestando que o artigo en cuestión non impón a división en lotes, se non que determina a súa conveniencia de ser posible, tal e como se desprende da dicción do precepto o determinar “establecendo, sempre que sexa posible, lotes separados daqueles servizos que polas súas características permítano”. Extremo que é confirmado pola Resolución a Comisión do Mercado das Telecomunicacións (CMT) de data 29 de abril de 2010, que comentando o aludido precepto manifesta que “El Real Decreto precitado, que regula la actuación de la Administración General del Estado, prevé por otra parte que el pliego de cláusulas administrativas pueda admitir la presentación de ofertas integradoras de varios o de todos los lotes; por lo que, de conformidad con esta última previsión, las Administraciones también pueden aceptar la presentación de ofertas integradoras, en particular a efectos de beneficiarse de las eficiencias derivadas de la existencia de economías de escala o alcance. En efecto, como señaló esta Comisión en su Resolución de 7 de octubre de 2004 relativa a la consulta planteada por el Principado de Asturias en cuanto a la posición de esta Comisión con respecto a la posible contratación de los servicios de ubicación de equipos en centros emisores por medio de asignación directa a Retevisión (AEM 2004/1517) “[...], esta Comisión ha venido recomendando que, en la medida de lo posible, se desglosen las necesidades de la Administración de manera que se proceda a realizar una contratación administrativa que permita la concurrencia de operadores capaces de prestar servicios concretos, incentivando así la competencia en beneficio de la propia Administración contratante. Todo ello se entiende sin perjuicio, como se ha comentado, de que se prevea la presentación de ofertas integradas que permitan aprovechar posibles economías de escala y/o alcance”. Puede por tanto concluirse que, en sus distintas Resoluciones adoptadas al respecto, esta Comisión ha señalado – de conformidad con lo previsto en la normativa reguladora de la actuación administrativa – la importancia de asegurar que, en la medida de lo posible, las Administraciones públicas procedan a la separación por lotes de los servicios de comunicaciones electrónicas que desean contratar. Sin que por otra parte sea posible establecer una regla absoluta que niegue cualquier tipo de flexibilidad en la convocatoria y contratación de estos servicios, más aún en un entorno como el actual donde se está procediendo a la paulatina convergencia entre redes y servicios que propiciará la prestación de distintos servicios a través de una única red, con las consiguientes eficiencias que dicha evolución tecnológica propiciará”.

Nesta liña, o servizo de administración electrónica municipal, no seu escrito de data 16 de abril de 2013, xustifica que se tiñan licitado conxuntamente ós servizos de telecomunicacións nos

seguintes termos “Este servizo xustifica a licitación nun lote único tanto técnica como economicamente no propio PPT, e que se pode resumir en:

- Aproveitar as oportunidades tecnolóxicas actuais que permiten as comunicacións unificadas, a integración dos servizos e a converxencia das redes con independencia da localización física e dos medios de transmisión empregados. Preténdese poñer as bases dunhas comunicacións municipais modernas e eficaces que permitan mellorar o servizo prestado ó cidadán.
- Aproveitar o volume económico da contratación, nun exercicio básico de economía de escala, para polo mesmo ou menor importe total que si fose en lotes separados, obter mellores ofertas técnicas con maior inversión e reducir os custos de explotación.
- Reducir os custos, aproveitando a tendencia actual, notoria e pública por parte de todos os operadores, incluído o propio reclamante, de ofertar descontos importantes no caso de integrar as comunicacións”.

Podemos concluír, en consecuencia, afirmando que a alegación de R carece de fundamento por canto a lexislación que cita para fundamentar a nulidade do prego non é de aplicación a esta Administración, pero aínda que o fose, a mesma non impón a licitación dos servizos de telecomunicacións nun lote único, senón que se limita a recomendalo si ilo fose posible, extremo confirmado pola doutrina da CNMT.

Undécimo.- A impugnación dos pregos e demais documentación contractual non produce efectos suspensivos na tramitación do expediente de contratación, efecto que so se lle recoñece á impugnación do acto de adxudicación (artigo 45 TRLCSP). No entanto, R no seu escrito de recurso solicita, como medida cautelar, a suspensión do procedemento. No presente caso, non procede acceder a medida cautelar solicitada por canto o recurso é inadmisíbel por extemporaneidade, se ben, caso de resultar admitido, como se desprende do exposto nos fundamentos xurídicos anteriores, as alegacións realizadas no mesmo carecen manifestamente de fundamento polo que este sería desestimado.

Duodécimo.- A competencia para a resolución do presente recurso no ámbito das Corporacións Locais, será determinada polas normas das Comunidades Autónomas cando estas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación. A falta de previsión expresa na lexislación autonómica, a competencia corresponderá ó mesmo órgano ó que as Comunidades Autónomas en cuxo territorio se integran as Corporacións Locais atribúan a competencia para resolver os recursos do seu ámbito (artigo 41 TRLCSP). No entanto, a falta deste órgano autonómico, previsto na Lei de acompañamento ós presupostos da comunidade autónoma de Galicia para 2011, pero que aínda no ten sido creado por Decreto do goberno autonómico, no presente caso deberá resolver o recurso á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Inadmitir o recurso especial en materia de contratación interposto por Dña. Ana Pardo Antequera, en nome e representación de R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A., mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 26 de marzo de 2013, contra o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a contratación do servizo integral de comunicacións do Concello de Vigo por procedemento aberto, por extemporaneidade ó ser interposto fora do prazo establecido polo artigo 44. 2.a TRLCSP, segundo o exposto no fundamento xurídico cuarto.

2º.- Notificar a presente resolución a todos os licitadores admitidos no procedemento.

3º.- *Contra a resolución deste recurso procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo conforme ó disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa (artigo 49 TRLCSP)."*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a precedente proposta.

14(418).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS. EXPTE. 8700/255.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a proposta da Mesa de Contratación, sesión realizada o 17-04-2013, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación respecto dos seguintes licitadores:

1. Eulen, S.A. xa que a oferta económica desta que foi de 960.502,50 euros (IVE engadido), superaba o tipo de licitación que era 839.164,88 euros (IVE engadido).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos cemiterios municipais (expediente 8700-255) no seguinte orde decrecente:

CLASIFICACIÓN	EMPRESA	PUNTUACIÓN OFERTA TÉCNICA	PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	SAMYL	32,00	56,09	88,09
2ª	TALHER	27,00	52,81	79,81
3ª	UTE MACRAUT-EX-TRACO-MISTURAS	18,50	60,00	78,50
4ª	CESPA	32,00	45,10	77,10
5ª	ACCIONA	28,50	13,32	41,82
6ª	ELSAMEX	17,00	23,63	40,63

Terceiro.- Requerir ó licitador clasificado en primeiro lugar para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

b)

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

Resguardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Cuarto.- Requirir ó citado licitador o aboamento de 1.345,07 € en concepto de custe dos anuncios de licitación.

Quinto.- Conforme a delegación acordada por esta mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

15(419).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A PAZ DISMAC S.L. CONSTITUÍA POLA SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE OFICINA. EXPTE. 4447/241.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes da Intervención Xeral e da Oficina administrativa de Contratación de datas 15 e 16-04-2013, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a PAZ DISMAC, S.A. a fianza de 688,70 euros constituida para responder da subministración de material de oficina, xa que foi recibida conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

16(420).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN Á DECATHLON ESPAÑA PARA ORGANIZAR A “III EDICIÓN DA FESTA DA BICICLETA DECATHLON” O VINDEIRO 5 DE MAIO. EXPTE. 12082/333.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta do 19-04-2013, do director deportivo do IMD, conformada polo concelleiro-delegado de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar a Javier Álvarez Salgado, con D.N.I. 35.932.584, a organizar o vindeiro domingo, 12 de maio de 2013, a proba deportiva denominada “**XVI Medio Maratón de Vigo**”, que está previsto que se leve a cabo polas rúas, a Saída Porta do sol, Policarpo Sanz, García Barbón ata o cruce con Julia Minguillón, García Barbón, Isaac Peral, Areal, Plaza de Compostela, Carral, Marqués de Valladares, Rosalía de Castro, García Barbón, Policarpo Sanz, Elduayen, Paseo de Alfonso XII, Pi y Margall, López Mora, Pintor Lugrís, Alvaro Cunqueiro, 2º vuelta por , Camelias, Romil, Paseo de Alfonso XII, Elduayen, Porta do Sol, Policarpo Sanz, García Barbón ata cruce con Julia Minguillón , García Barbón, Areal. Plaza de Compostela, Carral, Marqués de Valladares, Rosalía de Castro, García Barbón , Policarpo Sanz, Elduayen, Paseo de Alfonso XII, Pi y Margall, Lopez Mora, Pintor Lugris, Alvaro Cunqueiro, Camelias,

Venezuela. Blein Budiño, Ronda de Don Bosco y Príncipe, dita proba comenzará ás 10.30horas e rematará ás 13.30 horas.

17(421).- PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE E DE RESIDUOS DAS OBRAS DE MANTEMENTO E CONSOLIDACIÓN DO ACTUAL CIRCUÍTO DE ADESTRAMENTO NO PARQUE DE CASTRELOS. EXPTE. 12121/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 23-04-2013, asinado polo director deportivo do IMD e polo xefe de Supervisión de Proxectos e así mesmo conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

“Con data 13/07/2012 a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 13/07/2012 acordou aprobar o proxecto básico e de execución, redactado por NAOS 04 SLP e informado favorablemente polos arquitectos municipais D. Juan Piñeiro e D. David Carvajal, cun orzamento base de licitación de 144.481,16 €.

En base ao anterior e, tendo en conta os informes necesarios, así como as resolucións da Delegación Territorial de Pontevedra da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e de Augas de Galicia, a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente do 28/12/2012, acordo adxudicar definitivamente estas obras á empresa CONSLAR, SLU, por un prezo total, IVE engadido, de 137.257,10 €.

Con posterioridade, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 19/04/2013 adoptou o acordo de nomear coma dirección facultativa das obras de mantemento e consolidación do actual circuítto de adestramento no parque de Castrelos ao técnico municipal D. Jorge Muñoz. Tamén nomeou coordinador de Seguridade e Saúde ao arquitecto D. Miguel Porras Gestido, en representación de Naos 04 Arquitectos, SLP.

Por todo o exposto, unha vez revisadas as actuacións referentes ao proxecto adxudicado, por parte da empresa adxudicataria propónse o plan de seguridade e saúde (aprobado polo coordinador de Seguridade, en base ao informe de data 19/04/13). Tamén, a empresa adxudicataria, presenta o plan de residuos, co conforme da dirección facultativa.

Por todo o exposto, os técnicos que subscriben, entenden procedente propoñer á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro.- Aprobar o plan de seguridade e saúde en relación ao proxecto das obras de mantemento e consolidación do actual circuítto de adestramento no parque de Castrelos (expte 11616-333).

Segundo.- Aprobar o plan de residuos en relación ao proxecto das obras de mantemento e consolidación do actual circuítto de adestramento no parque de Castrelos (expte 11616-333).”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a precedente proposta.

18(422).- SOLICITUDE DE CUALIFICACIÓN COMO ILE (INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO) DA EMPRESA “VIGO URBAN PETS S.L.” EXPTE. 9748/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do 23-04-2013, conformado polo concelleiro-delegado de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Promover ante a Consellería de Traballo e Benestar, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado “**VIGO URBAN PETS, S.L.**” promovida por Miguel Camiña Gómez, sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:

- Apoio pola Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo coa elaboración e estudo, por parte dunha técnica do servizo, dun informe económico de viabilidade do proxecto xunto co seu asesoramento na solicitude e información e asesoramento sobre axudas municipais vixentes.
- Cooperación e apoio cara a axilizar os trámites administrativos de competencia municipal para a súa posta en funcionamento.
- Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das Axudas Municipais á Creación de Empresas ás que, de ser o caso, opte.
- Terá preferencia, na concesión das Axudas PEIM que, de ser o caso, opte.(ditas bases aprobaronse na comisión de goberno de data 18 de decembro do 2000, sendo modificadas na Xunta de Goberno Local do 14 de marzo do 2011)

19(423).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE MUSEOS MUNICIPAIS NO MES DE MARZO. EXPTE. 337/341.

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2013, o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Festas, D. Cayetano Rodríguez Escudero, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Museos Municipais (341), Verbum (340) e Museos Quiñones de León (337) no mes de marzo, e que son os que deseguido se relacionan:

CENTRO OU SERVIZO	CONCEPTO	DATA	IMPORTE
SERVIZO (341)	Expte. 296-341. Subministro de elementos para o Sistema de Intrusión CAT. SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A. CIF: A-79252219.	14/03/13	2.191,04 €

SERVIZO (341)	Expte. 294-341. Subministración de material gráfico para a exposición sobre a RECONQUISTA DE VIGO 2013 NA CASA GALEGA DA CULTURA. ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L. CIF B-36614808	14/03/13	3.125,43 €
SERVIZO (341)	Expte. 299-341. Contratación dos servizos de mantemento das PORTAS CORREDOIRAS automáticas en dependencias museísticas (Pinacoteca, Verbum e Museo Quiñones de León). ASCENSORES ENOR, S.A. CIF:A-36650992.	14/03/13	731,81 €
SERVIZO (341)	Expte. 297-341. Contratación dos servizos de mantemento dos GRUPOS ELECTRÓXENOS das dependencias museísticas e expositivas (Pinacoteca, Casa das Artes e Verbum). GALLEGA DE ELECTRICIDAD VIGO, S.L. CIF: M-36777647.	14/03/13	4.150,30 €
SERVIZO (341)	Expte. 311-341. Reparación paleta hidráulica-traspalé na Casa das Artes. Marzo 2013. MANUEL MURADÁS SEARA (PUNTO FIJO), NIF: 36159467V. <i>(Factura con cargo ao xenérico 280-341)</i>	11/03/13	214,17 €
SERVIZO (341)	Expte. 312-341. Escaleiras, válvulas descarga, soporte micrófono e disco rebarbadora na Pinacoteca. Marzo 2013. MANUEL MURADÁS SEARA (PUNTO FIJO), NIF: 36159467V. <i>(Factura con cargo ao xenérico 280-341)</i>	11/03/13	1.109,76 €
SERVIZO (341)	Expte. 313-341. Subministración de elementos para reparación e conservación en dependencias museísticas. MANUEL MURADÁS SEARA (PUNTO FIJO), NIF: 36159467V. <i>(Factura con cargo ao xenérico 293-341)</i>	11/03/13	1.777,53 €
SERVIZO (341)	Expte. 295-341. Mantemento do sistema de seguridade e conexión a central de alarmas na casa das artes, casa galega da cultura e centro de artesanía tradicional (CAT). SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A. CIF: A-79252219.	26/03/13	14.271,38 €
SERVIZO (341)	Expte. 298-341. Contratación dos servizos de mantemento das instalacións de CLIMATIZACIÓN das dependencias museísticas (Pinacoteca, Casa das Artes, Verbum e Museo Quiñones de León). CELTSENER, S.L. CIF:B-36422905.	26/03/13	6.532,39 €
SERVIZO (341)	Expte. 320-341. Servizo correspondencia do día 14/03/2013, exposición Reconquista. UNIPOST, S.A. CIF: A-62690953. <i>(Factura con cargo ao xenérico 258-341)</i>	15/03/13	132,52 €
SERVIZO (341)	Expte. 314-341. Toner OKI. C810 Magenta. PAZ DISMAC, S.L. CIF: B-36062180. <i>(Factura con cargo ao xenérico 259-341)</i> .	15/03/13	164,41 €
SERVIZO (341)	Expte. 327-341. Servizo de mensaxería e distribución do Servizo de Museos Municipais. REPARTO Y GESTIÓN URGENTE, S.L. CIF: B-36821494. <i>(Factura con cargo ao xenérico 258-341)</i>	31/03/13	52,27 €

VERBUM (340)	Expte 2227-340. Factura de ANUART, por suscripción revista Revistart, . ANUART, SL. B-60279494. Cargada no RCM 201300012731 do Expte 2217-340 "RC-Adquisición de publicacións".	14/03/13	66,00 €
VERBUM (340)	Expte 2226-340. Factura de Manuel Muradás Seara *Ferretería Punto Fijo", por subministro de material para reparación de instalacións. 36159467V. Cargada no RCM nº 201300012574 do Expte 2220-340 "RC-Subministro de material para reparacións de instalacións".	11/03/13	299,78 €
VERBUM (340)	Expte. 2224-340. Mantemento de instalacións sistemas de seguridade no Verbum (5.750+272). RCM 23416. SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A. CIF: A-79252219.	25/03/13	6.022,00 €
QUIÑONES (337)	Factura 4843/337 Carlingal Cif B-32170961 Toner	04/03/13	78,36 €
	Factura 4850/337 Schindler Cif A-50001726 accesorios de seguridade para ascensor do museo (Xenérico 4802/337 Subministros)	12/03/12	235,95 €
QUIÑONES (337)	Facturas 4848/337 V-2 Complementos Auxiliares Cif A-78601945 Auxiliares Sala febreiro 2013 (Xenérico 4800/337 Atención ao público)	08/03/13	423,84 €
QUIÑONES (337)	Factura 4856/337 Carlos López Bernárdez Nif 36026762E visita guiada sobre Colmeiro na Pinacoteca	19/03/13	110,00 €
	Factura 4857/337 Consultarte Cif B-70016613 Informe valoración económica lámpara veneciana (Xenérico 4807/337 Traballos especializados)	19/03/13	211,75 €

A Xunta de Goberno Local queda informada.

20(424).- 10ª REVISIÓN ORDINARIA DO PREZO DO CONTRATO DA INSTALACIÓN, LIMPEZA E MANTEMENTO DE COLECTORES E PAPELEIRAS DO CONCELLO DE VIGO (CONTENUR). EXPTE. 180/242.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe do servizo de Limpeza de data 22-03-2013, conformado polo concelleiro-delegado de área e pola concelleira de Facenda e Patrimonio, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a 10ª revisión ordinaria do prezo do contrato de instalación, limpeza e mantemento de colectores e papeleiras do termo municipal de Vigo fixando o mesmo, a partir do 01/10/2012 ata o 30/09/2013 en 3.041.773,93 €/ano, IVE 10% engadido.

Segundo.- Aceptar o ofrecemento da empresa concesionaria de renunciar á percepción do importe da revisión aprobada, que ascende a 100.019,65€, dos que 25.004,91€ corresponderon aos meses de outubro a decembro do 2012 e 75.014,73€ corresponden aos meses de xaneiro a setembro do 2013, todos inclusive.

21(425).- DEVOLUCIÓN DE AVAIS A ORECO S.A. CONSTITUÍDOS POLO ACOPIO DE MATERIAIS NA OBRA "HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN FASE 2". EXPTE. 2330/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da Intervención Xeral do 08-04-13 e máis o do xefe da área de Fomento de data 09-04-2013, a Xunta de Goberno Local acorda:

Proceder á devolución das fianzas a ORECO, SA, constituídas en data 18-12-2012, para responder do acopio de materiais da obra "HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN FASE 2"; polo importe de : 11.510,57 € e 35.611,21 €.

22(426).- RENUNCIA DE D. MANUEL ANGEL PONTEVEDRA POMBAL Á CONCESIÓN ADMINISTRATIVA PARA A INSTALACIÓN DE QUIOSCO NA AVDA. DE GALICIA-TEIS. EXPTE. 19622/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 08-04-2013, do xefe do servizo de Patrimonio conformado pola concelleira-delegada de área que di o seguinte:

"NORMATIVA DE APLICACIÓN:

L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).

L 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP).

RDL 3/2011 de 14 Novembro, do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCS).

RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

INFORME-PROPOSTA:

PRIMEIRO.- D. Manuel Angel Pontevedra Pombal, mediante escrito de entrada no Rexistro Xeral de data 21 de marzo de 2013, solicita dar de baixa, por cese de actividade, o quiosco sito na Avda. de Galicia desta cidade de Vigo, cuxa autorización foille outorgada no seu día, interesando a súa baixa a todos os efectos.

ISEGUNDO.- O solicitante, D. Manuel Angel Pontevedra Pombal, resultou adxudicatario por acordo plenario de 7 de marzo de 1983 da concesión de uso do dominio público municipal para a instalación de quioscos destinados a venda de prensa periódica con exclusión de outra actividade comercial, consonte o concurso público convocado ó efecto por esta administración, e en base o prego de condicións administrativas aprobadas no acordo plenario de 29 de abril de 1982 e que serveu de base a licitación e polo que se rexe a concesión administrativa.

TERCEIRO.- No presente suposto, a extinción do dereito concesional outorgado ó solicitante para a ocupación do dominio público municipal coa instalación dun quiosco na vía pública destinado a venda de prensa periódica, responde a un acto voluntario da concesionaria quen renuncia ós dereitos que a concesión administrativa da que é titular lle outorga, sen que se estime que a mesma é contraria o interese xeral ou faixe en prexuízo de terceiros, non apreciándose conseguintemente obxeción algunha a súa aceptación pola administración municipal.

A extinción da concesión dará lugar á retirada, por parte do concesionario, do quiosco da vía pública e reposición do dominio público afecto o seu estado orixinal. Neste senso ,segundo informase pola oficina municipal da inspección de tributos na data 27.03.2013, dito quiosco xa foi retirado quedando o espazo que ocupaba en perfectas condicións.

CUARTO.- Resulta competente para a resolución do presente expediente, a Xunta de Goberno Local, consonte o previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 3º do TR da Lei de Contratos do Sector Público

Por todo o anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- Aceptar a renuncia de D. Manuel Angel Pontevedra Pombal á concesión administrativa outorgada polo acordo plenario de 7 de marzo de 1983 para a ocupación do dominio público municipal coa instalación dun quiosco destinado a venda de prensa periódica na Avda de Galicia na parroquia de Teis, da cidade de Vigo, declarando resolta dita autorización.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo o departamento de Administración de Tributos, Vías e Obras e Seguridade e Tráfico, para o seu coñecemento.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a precedente proposta.

23(427).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DO SERVIZO DE LIMPEZA DE COLEXIOS PÚBLICOS E ESCOLAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 11548/332.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 28-02-2013 da técnico de Admon. Especial de Patrimonio, conformado polas concelleiras das áreas de Educación e de Contratación e fiscalizado pola Intervención Xeral Municipal con data 11-04-13, que di o seguinte:

“A Xunta de goberno Local, en sesión de 23 de novembro de 2010, acordou: "Adxudicar á mercantil Limpiezas del Noroeste, S.A., o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza de colexios públicos e escolas municipais do Concello de Vigo, por un prezo total de 10.330.934,46 euros (IVE engadido).

Na cláusula 9 da FEC prevese que procede a revisión de prezos do contrato , sendo a primeira revisión transcorrido un ano dende a data de adxudicación do contrato e recollerá o 85% da variación experimentada polo IPC nacional no periodo que medie entre a data de revisión e a data de adxudicación do contrato, sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas ou respecto da data en que termine o dito prazo de tres meses se a adxudicación se produce con posterioridade.

Na cláusula 18 establecece en canto o Réxime de pagamento, que éste efectuarase , logo de que o contratista presente as correspondentes facturas , con caracter mensual, e serán conformadas polo Xefe do Servizo xestor. O importe total de cada factura será a cantidade anual dividida por dez mensualidades (Os meses de xullo e agosto non será facturables).

A vista do anterior, o prezo para a primeira anualidade do contrato será de 2.582.733,61 euros, e para proceder a revisión do mesmo, aplicaráselle o 85% do incremento do IPC do periodo outubro de 2010 (a data límite de presentación de ofertas era 9 de agosto de 2010), decembro 2011, que según datos do ine foi do 3,6%, polo que o 85% é 3,06%, que aplicado ó prezo inicial do contrato, resulta un prezo revisado de 2.661.765,26 euros/ano (IVE 18%), 2.255.733,27 euros/ano sen IVE.

Os atrasos correspondentes a diferenza entre o prezo revisado e o prezo facturado e o seguinte:

MES	PREZO TURADO	FAC-	PREZO REVISADO	DIFERENCIA
Enero	258273,36		266176,52	7903,16
Febreiro	258273,36		266176,52	7903,16
Marzo	258273,36		266176,52	7903,16
Abril	258273,36		266176,52	7903,16
Maio	258273,36		266176,52	7903,16
Xuño	258273,36		266176,52	7903,16
Setembro	264839,63		272943,72	8104,09
Octubro	264839,63		272943,72	8104,09
Novembro	264839,63		272943,72	8104,09
Decembro	264839,63		272943,72	8104,09
TOTAL	2608998,68		2688834	79835,32

O gasto imputarase a partida de limpeza de colexios 32102270000.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, previo informe de Intervención, a adopción do seguinte A C O R D O

Primeiro.- Aprobar a 1ª revisión do IPC período de outubro de 2010 a decembro de 2011 nun 3,6%, sendo o 85% deste 3,06%, para actualización do prezo do contrato no período xaneiro 2012 decembro de 2012, fixando o prezo revisado na cantidade de 2.688.834,00 euros/ano, a partir de xaneiro de 2013 o prezo do contrato (co ivo 21%) pasa a ser de importe 2.729.437,26 euros.

Segundo.- Recoñecer en concepto de atrasos pola diferenza entre o prezo facturado e o prezo revisado polos meses de xaneiro a decembro de 2012 a cantidade de 79.835,32 euros, e a partir de xaneiro de 2013 a razón de 8.104,12 euros/mes.

Terceiro.- Dito gasto efectuarase con cargo a partida presupuestaria 32102270000."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a precedente proposta.

24(428).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR XORNADA PARTIDA, CORRESPONDENTE AO MES DE MARZO 2013. EXPTE. 24027/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do 16-04-13, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa do servizo

e máis polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal; visto así mesmo o informe da Intervención Xeral Municipal do 22-04-2013, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achega e que comeza por don Jesús Alfonso Paz e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondente ao mes de Marzo de 2013, e que ascenden a un total de 1,106'56 € (mil cento seis euros con cincuenta e seis céntimos), con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

25(429).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE MARZO DE 2013. EXPTE. 24028/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do 16-04-13, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa do servizo e máis polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal; visto así mesmo o informe da Intervención Xeral Municipal do 22-04-2013, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servizo de Desinfección que figura na relación que se achega e que comencan por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don Alberto Seijas Fernández, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de Marzo-2013 e que ascenden a un total 611'00 € (seiscentos once euros), con cargo a partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

26(430).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DO PARQUE MÓBIL CORRESPONDENTE AO MES DE MARZO 2013. EXPTE. 24029/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do 16-04-13, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa do servizo e máis polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal; visto así mesmo o informe da Intervención Xeral Municipal do 22-04-2013, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade por toxicidade polos servizos prestados nos vertedeiros incontrolados da Cidade, corresponde aboar a don Florentino Prieto Domínguez, a cantidade que ascende a un total de 108'96 euros (cento oito euros con noventa e seis céntimos), correspondente ao mes de Marzo de 2013 con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

27(431).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR CONDUCIR MAQUINARIA PESADA DO PERSOAL DE VÍAS E OBRAS CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE 2013. EXPTE. 24030/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do 16-04-13, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa do servizo e máis polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal; visto así mesmo o informe da Intervención Xeral Municipal do 22-04-2013, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servizos prestados polo persoal de Vías e Obras, por manexar maquinaria pesada, correspondente ó 1º TRIMESTRE-2013, aboarase ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Miguel Angel Alonso Cue e remata por don Rodrigo Rodríguez Rocha, e que ascenden a un total de 417,36 € (catrocentos dezasete euros con trinta e seis céntimos) con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

28(432).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR CONDUCIR MAQUINARIA PESADA DO PERSOAL DO SERVIZO DO PARQUE MÓBIL CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE 2013. EXPTE. 24035/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do 16-04-13, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa do servizo e máis polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal; visto así mesmo o informe da Intervención Xeral Municipal do 22-04-2013, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servizos prestados polo persoal do Parque Móbil, por manexar maquinaria pesada, correspondente ó 1º TRIMESTRE-2013, aboarase ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comenza por don Angel Alonso González remata por don Ramón Vázquez Pazo, e que ascenden a un total de 934,65 € (novecentos trinta e catro euros con sesenta e cinco céntimos) con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

29(433).- RECLAMACIÓNS PREVIAS Á VÍA XURISDICCIONAL LABORAL FORMULADAS POR D^a VERÓNICA COSTAS RODRÍGUEZ E D^a BEGOÑA BUJÁN OTERO. EXPTE. 24039/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 18-04-13 da xefa do servizo de RR HH, conformado pola xefa da área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

1.- En escritos de datas 11/02/2013 (documentos nºs 130017212 e 130017217) D^a Verónica Costas Rodríguez, con DNI 36.135.344K, e D^a Begoña Buján Otero, con DNI 35.309.812, presentan reclamacións previas á vía xurisdiccional laboral (recoñecemento de dereito e cantidades) pola

presunta prestación de servizos na Oficina de Supervisión de Proxectos, Infraestructuras e Obras (OSPPIO) integrada na Área administrativa de Servizos Xerais (Área de goberno de Fomento).

As reclamantes carecen de vínculo xurídico algún co Concello de Vigo (tanto en réxime administrativo como laboral), carecendo igualmente da condición de persoal ao servizo do sector público local de Vigo en algunha das modalidades previstas na Lei 7/2007, di 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

2.- En relación a ambos escritos, foi solicitado informe á Xefatura da Área de Servizos Xerais, informe que foi emitido en data 11/03/2013 e que obra incorporado ao presente expediente administrativo.

3.- Recibidos os mesmos no Servizo de Recursos Humanos, procede a emisión do correspondente informe-proposta ao órgano municipal competente.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O artigo 125 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada por Lei 4/1999, establece a obrigatoriedade de esgotamento da vía administrativa previa ao exercicio de accións en vía xurisdiccional laboral. Igualmente, o Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, contempla nos seus artigos 63 a 73 –ambos inclusive- a obriga de exercitar a reclamación administrativa previa con anterioridade ao exercicio de vía laboral.

Dado que o obxecto da reclamación non versa sobre as materias expresamente excluídas contida no artigo 70 da mesma norma, procede en consecuencia admitir a trámite a mesma, con pronunciamiento expreso sobre a súa admisibilidade ou inadmisibilidade.

II.- En canto ao obxecto das reclamacións de dereito e cantidades que conforman o fondo do asunto, debe terse en conta que o marco normativo de aplicación ao emprego público vén conformado esencialmente pola Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, que regula detalladamente os sistemas de acceso ao emprego público, que deberán en todo caso respetar os principios de igualdade, mérito e capacidade dacordo co previsto na propia norma e no resto do ordenamento xurídico (artigo 55).

A propia Constitución de 1978 contempla que o acceso á función pública deberá efectuarse dacordo cos principios de mérito e capacidade (artigo 103.3) garantindo o dereito fundamental á igualdade de trato no artigo 14.

Idéntica previsión rexe no dereito do emprego público en canto ao acceso á condición de persoal laboral (temporal, fixo ou indefinido) ao servizo do sector público.

En consecuencia, os únicos sistemas de acceso ao emprego público -e conseguinte integración na plantilla orgánica municipal- pasan inexcusable e legalmente pola superación dun proceso selectivo de concorrencia competitiva que observe tales principios, o cal non ten sucedido no presente suposto.

III.- No informe emitido pola Xefatura da Área de Servizos Xerais (Fomento) en data 11/03/2013 sinálase literalmente que:

“Nos expedientes de contratación de obras para humanización de diversas rúas que se veñen tramitando durante os derradeiros anos inclúese dentro do criterio de valoración un apartado denominado “Aportación económica ao control de calidade superior ao mínimo especificado no prego de prescripcóns técnicas do proxecto”.

Da cantidade total ofertada pola empresa contratista adxudicataria, unha parte, normalmente un 4% sobre o importe da adxudicación da obra, se dedica ao control de calidade de obra, concepto que inclúe, entre outros, a revisión de toda a documentación que se xenera durante a execución da obra, correspondente ao control de calidade da mesma (ensaios, inspeccións, certificacións, etc...)

A empresa adxudicataria contrata estes servizos cunha entidade de control, neste caso coa empresa GALAICONTROL, entidade de inspección a que pertencen as dúas persoas denunciadas, as cales viñan realizando as tarefas descritas na Oficina de Supervisión de Proxectos e Obras (OSPIO) ubicada na planta 11 da casa consistorial”.

En consecuencia, non cabe inferir vínculo laboral algún entre as reclamantes –que, en todo caso, terían a condición de persoal da empresa “GALAICONTROL, S.L.” á cal prestaban ou prestan servizos- e o Concello de Vigo. debendo salientarse que calquera reclamación derivada do vínculo laboral mantido entre a empresa indicadas e as reclamantes, deberá ser dirimido entre ambas mediante os mecanismos legalmente establecidos na Lei 36/2011, do 10 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social.

A Xurisprudencia emanada dos órganos xurisdiccionais laborais (especialmente ilustrativa a este respecto, vid. STS de 14 de marzo do 2006; STSXG do 20 de novembro do 2005, entre outras) establece, en canto á cesión ilegal de traballadores, que ésta “constitúe un fenómeno complexo, en virtude do cal o empresario real, que incorpora a utilidade patrimonial do traballo e exerce efectivamente o poder de dirección, aparece substituído no contrato de traballo por un empresario formal...”(STS do 20 de xullo do 2007); igualmente, recentes resolucións xudiciais dictadas pola xurisdicción social en supostos de similares reclamacións fronte ao Concello de Vigo en concepto de cesión ilegal de traballadores desestiman as mesmas, principalmente por estimar que (Sentenza do Xulgado do Social nº 2 de Vigo, dictada en autos p.o. 1039/2011, interposta por D. Guillermo González Domínguez contra EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A., e o CONCELLO DE VIGO en concepto de cesión ilegal de traballadores; fundamento xurídico 3º):

“1.- Se ben existe un negocio xurídico de concretación entre cedente e cesionario para facilitar persoal –un convenio de colaboración de carácter administrativo- non concorren os requisitos de empresario formal e contrato de traballo formal, porque as dúas entidades son reais, con actividade e obxecto social propios, e dende logo o contrato de traballo do demandante é real e por quen de verdade exerce as labores de empresario.

2.- A empresa EULEN facilita os elementos esenciais da prestación do servizo, pero a dirección funcional e o planeamento dos servizos terapéuticos deben ser levados a cabo por técnicos do Concello en coordinación do SERGAS, aínda que é normal que se utilicen medios materiais postos a disposición pola Xunta.

3.- Os traballos que realiza o demandante son de tipo auxiliar e persoal, e que deben ser obxecto de externalización pola Administración (.....)

4.- É igualmente razoable que os medios de produción esenciais para a explotación e realización do servizo pertencen á entidade principal, porque o importante nos supostos de outsourcing é o servizo auxiliar que se ofrece, non os medios que poidan adquirirse ou alugarse. Así ven facilitado pola Lei 30/2007, de contratos do sector público, que permite este tipo de convenios administrativos. Un servizo tan especial e específico como un centro de atención a drogodependentes debe poder ser externalizado pola Administración, posto que require da implicación dalgunha entidade que expresamente poña a disposición persoal para facilitar o cumprimento deste servizo social, co persoal adecuado, que non necesariamente debe pertencer á Administración como funcionario ou como persoal laboral (.....)”.

As prestacións obxecto do contrato xestionado pola Área de Fomento (Oficina de Supervisión de Proxectos, Infraestructuras e Obras), segundo se detalla no informe do de data 11/03/2013, concrépanse –sempre según o manifestado no citado informe- en tarefas especializadas en materia de “control de calidade de obra, concepto que inclúe, entre outros, a revisión de toda a documentación que se xenera durante a execución da obra, correspondente ao control de calidade da mesma (ensaios, inspeccións, certificacións, etc...)”; a tal efecto, debe observarse que en ningún suposto implican o exercicio de potestades ou funcións reservadas a funcionarios públicos (vid. artigo 9.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público) ou conlevan a necesidade de recurrir a persoal laboral, tendo carácter limitado no tempo a súa execución, e sendo susceptibles de externalización segundo a lexislación vixente en materia de contratos das Administracións Públicas (NOTA: ata o 16/11/2011 rexía a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, norma aplicable aos contratos administrativos mencionados, rexendo a partires desa data o Real Decreto Lexislativo 2/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público).

En igual senso se pronuncia a Sentenza do Xulgado do Social nº1 de Vigo, dictada en autos do p.o. 831/2011, interposto por María Carmen Alonso Costas e 12 máis contra a FUNDACIÓN ALDABA e o CONCELLO DE VIGO, en cuxo fundamento xurídico primeiro, in fine, se sinala que:

“Por tanto, non estamos ante unha cesión ilegal de traballadores, senón ante unha subcontrata dun servizo do Concello, que como tal controla a actividade cedida...(…)...a Fundación demandada é unha empresa real con medios materiais, con estrutura, que aportou medios materiais para realizar a labor subcontratada, que exerce poder de dirección, etc, por tanto non estamos ante unha cesión ilegal de traballadores, senón ante unha subcontratación permitida polo artigo 42 do Estatuto dos Traballadores, polo que debe desestimarse a demanda”.

V.- A contratación de servizos suxeita ao Dereito Administrativo dos contratos, como xa se sinalou con anterioridade, atopábase prevista no momento de adxudicación na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, que establecía no seu Capítulo V (Contratos de Servizos, artigos 277 a 290) o obxecto, finalidade, alcance, réxime e efectos da citada tipoloxía contractual. En concreto, o artigo 277 sinalaba que “non poderán ser obxecto de estes contratos os servizos que impliquen exercicio de autoridade inherente aos poderes públicos” (apartado 1) para salientar de seguido que “á extinción dos contratos de servizos, non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que teñan realizado os traballos obxecto do contrato como persoal do ente, organismo ou entidade do sector público contratante” (apartado 4).

VI.- A doutrina xurisprudencial dos actos propios, amplamente consolidada polo Tribunal Supremo (a título exemplificativo, vid. STS 27 de marzo de 2007 (RJ 2007, 1982), na que se explicita que, conforme ao que a Sala ten reiteradamente declarado, entre outras en SSTs de 31 de xaneiro de 1995 (RJ 1995, 291) e 30 de setembro de 1996 (RJ 1996, 6824) e 24 de abril de 2004)

concrétase no feito de que ninguén pode ir contra os seus propios actos, de xeito tal que toda pretensión formulada dentro dunha situación litixiosa por unha persoa que anteriormente realizase unha conducta incompatible con dita pretensión, debe ser desestimada.

Doutrina que ten as súas orixes no principio nemo potest contra proprium actum venire.

Toda vez que as reclamantes tiñan pleno coñecemento e capacidade –e obriga legal de telo, nos termos do principio xeral de que “a ignorancia das leis non excusa do seu cumprimento” recollida no artigo 6 do Código Civil- no momento de formalización dos seus contratos laborais coa súa empregadora do carácter, contido, obxecto e alcance do mesmos, non parece de recibo que se exercite agora a pretensión de recoñecemento dun vínculo laboral contractual inexistente.

Admitir a mesma conlevaría unha evidente fraude de lei, non permitida polo ordenamento xurídico nos termos do contemplado no artigo 6, apartado 4, do vixente Código Civil.

VIII.- Debe considerarse especialmente que o lexislador estatal, sendo consciente das desfavorables consecuencias que para as Administracións Públicas xenera o acceso ao emprego público de xeito irregular mediante sentencias xudiciais de indefinición da “relación laboral” -máxime no actual contexto económico de racionalización e contención do gasto público esixido polas autoridades económicas da Unión Europea e pola situación económica existente- estableceu no Real Decreto 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, contemplou un apartado específico, denominado “Medidas en relación coas empresas de servizos contratadas polas AAPP” (Disposición Adicional Primeira), aos efectos de que, no ámbito da Lei de Contratos do Sector Público, se proceda a dictar instrucións para a correcta execución dos servizos que se teñan contratado, de xeito que quede clara a relación entre os xestores da Administración e o personal da empresa contratada, evitando actos que puidesen considerarse determinantes para o recoñecemento dunha relación laboral.

A tales efectos, por parte do Servizo de Recursos Humanos déixase constancia do feito de que a Xunta de Goberno Local, como órgano responsable da xestión do persoal municipal, debería adoptar as medidas oportunas para a adecuada concienciación das xefaturas das Áreas e Servizos da necesidade e imperatividade legal de actuación consonte ao marco da eficiencia na prestación do servizo público ao seu cargo, debendo ter sempre presentes o pleno sometemento á Lei e ao Dereito ao que a actividade administrativa está suxeita por imperativo constitucional (artigo 103 da Constitución de 1978) entre outros principios igualmente relevantes como os de obxectividade, eficiencia ou xerarquía.

O contrario podería e debería conlevar a aplicación do réxime previsto nos artigos 93 a 98 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

En xusta coherencia co antedito, a reclamación previa debe ser desestimada.

IX.- Vistas as competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o réxime de atribucións contemplado no artigo 127.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, coa conformidade co Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“Primeiro.- Desestimar as reclamacións previas á vía xurisdiccional laboral en concepto de dereito e cantidades formuladas en escritos de datas 11/02/2013 (documentos nºs 130017212 e 130017217) D^a Verónica Costas Rodríguez, con DNI 36.135.344K, e D^a Begoña Buján Otero, con DNI 35.309.812, nos termos dos informes emitidos pola Xefatura da Área de Servizos Xerais

(Fomento) de data 11/02/2013 e en atención aos fundamentos xurídicos expresados e motivación exposta no informe xurídico que antecede.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo ao reclamante aos efectos oportunos, así como á Xefatura da Área de Réxime Interior, Asesoría Xurídica Municipal (Xefatura do Servizo Contencioso), Xefatura da Área de Fomento e Xefatura do Servizo da OSPIO, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer únicamente recurso de reposición no prazo de 1 mes contado ao da notificación ou publicación do presente acordo, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito ou dos recoñecidos pola Lei 36/2011, do 10 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a precedente proosta.

30(434).- RECLAMACIÓN PREVIA Á VÍA XURISDICCIONAL LABORAL FORMULADA POR D. CARMELO MANUEL MOLARES PÉREZ. EXPTE. 23959/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 16-04-13, da xefa do servizo de Recursos Humanos, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

1.- En escrito de data 18/02/2013 (documento nº 130019853) D. Carmelo Molares Pérez, con DNI 36.117.785-B, presenta reclamación previa á vía xurisdiccional laboral (recoñecemento de dereito, vulneración de dereitos fundamentais e cantidades) ampliada en novo escrito de data 15/03/2013 (documento nº 130031009).

O reclamante carece de vínculo xurídico algún co Concello de Vigo (tanto en réxime administrativo como laboral), carecendo igualmente da condición de persoal ao servizo do sector público local de Vigo en algunha das modalidades previstas na Lei 7/2007, di 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

2.- En relación a ambos escritos foi solicitado informe á xefatura do servizo de Educación, informe que foi emitido en data 08/04/2013. Igualmente, consta informe emitido pola Xefatura da Área de Servizos Xerais (Área de Goberno de Fomento) en data 25/02/2013, na cal se sinala a inexistencia de contratos xestionados pola Área coa empresa indicada no documento de reclamación previa.

3.- Recibidos os mesmos no Servizo de Recursos Humanos, procede a emisión do correspondente informe-proposta ao órgano municipal competente.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- O artigo 125 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada por Lei 4/1999, establece a obrigatoriedade de esgotamento da vía administrativa previa ao exercicio de accións en vía xurisdiccio-

nal laboral. Igualmente, o Real Decreto Legislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, contempla nos seus artigos 63 a 73 –ambos inclusive- a obriga de exercitar a reclamación administrativa previa con anterioridade ao exercicio de vía laboral.

Dado que o obxecto da reclamación non versa sobre as materias expresamente excluídas contida no artigo 70 da mesma norma, procede en consecuencia admitir a trámite a mesma, con pronunciamiento expreso sobre a súa admisibilidade ou inadmisibilidade.

II.- En canto ao obxecto da reclamación de dereito e cantidade que conforma o fondo do asunto, debe terse en conta que o marco normativo de aplicación ao emprego público vén conformado esencialmente pola Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, que regula detalladamente os sistemas de acceso ao emprego público, que deberán en todo caso respetar os principios de igualdade, mérito e capacidade dacordo co previsto na propia norma e no resto do ordenamento xurídico (artigo 55).

A propia Constitución de 1978 contempla que o acceso á función pública deberá efectuarse dacordo cos principios de mérito e capacidade (artigo 103.3) garantindo o dereito fundamental á igualdade de trato no artigo 14.

Idéntica previsión rexe no dereito do emprego público en canto ao acceso á condición de persoal laboral (temporal, fixo ou indefinido) ao servizo do sector público.

En consecuencia, os únicos sistemas de acceso ao emprego público -e conseguinte integración na plantilla orgánica municipal- pasan inexcusable e legalmente pola superación dun proceso selectivo de concorrencia competitiva que observe tales principios, o cal non ten sucedido no presente suposto.

III.- No informe emitidos polo Técnico do Servizo de Educación en data 08/04/2013 sinálase literalmente que:

“O Servizo de Educación do Concello debe atender ás competencias legais determinadas na LR-BRL, entre as que cabe salientar as responsabilidades de obrigado cumprimento en materia educativa de conservación e mantemento. Dáse así cumprimento ao establecido no artigo 25, par. N, da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, referente á obriga legal de facerse cargo dos custos de conservación, mantemento e vixilancia dos edificios públicos escolares sitos no termo municipal, que están desenvolvidas no Art. 52 do Decreto 193/1967, de 2 de febreiro e que a Comunidade Autónoma de Galicia reitera como obriga no Cap.. III, Art. 6.1 da Orde de 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil, primaria e especial dependentes da Consellería de Educación Ordenación Universitaria. Asemade, segundo a Disposición Adicional 15º.2, da Lei Orgánica 2/2006 de Educación (LOE), a obriga da conservación, mantemento e vixianza dos centros públicos escolares de educación infantil, primaria e especial corresponderá ao municipio respectivo.

Consonte a esta normativa legal vixente, o Concello como propietario dos edificios de todos os centros públicos de ensino infantil e primario da cidade, tamén é o responsable legal de atender as obrigas municipais de mantemento das instalacións eléctricas e de calefacción, reposición e abastecemento enerxéticos e mantemento e inspección dos sistemas de seguridade de ascensores e central de alarmas, a realizar en 62 centros escolares de titularidade municipal e cunha antigüidade media de edificios de 30 anos e instalacións reformadas parcial e sucesivamente;

todo elo como garante dunhas boas condicións ambientais e de confortabilidade climática nos centros escolares públicos, sendo estes factores elementos básicos de calidade educativa que posibilitan un uso satisfactorio por parte de todos os sectores da comunidade educativa (docentes, discentes e familias).

A prestación deste servizo de control e xestión das instalacións eléctricas, de gas e calefacción dos centros públicos veuse realizando sempre, por razóns de especialidade e eficiencia, baixo a dirección e supervisión dos Servizos Electromecánicos do Concello de Vigo. Logo este último servizo, diante da falta de recursos humanos comunica a imposibilidade de atender esta prestación, e o servizo municipal de educación adoita distintas fórmulas para atendela (enxeñeiro en prácticas da Escola de Enxeñería de Vigo, asistencia técnica de empresas especializadas como "Sielvigo", "Seryges" ou entidades como a "Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo"...). Igualmente, esta demanda ven sendo trasladada reiteradamente nos distintos borradores de orzamento deste servizo, solicitando o incremento no capítulo I de persoal técnico para atender esta necesidade. En concreto, dunha praza de enxeñeiro técnico industrial mediante contrato en prácticas por dous anos, prestando media xornada laboral e coa posibilidade de ser compartido con outro servizo municipal e baixo a supervisión do servizo de electromecánicos.

Por esta razón, e coa finalidade de establecer un réxime administrativo axeitado para esta prestación, tramitouse a principios do ano 2008 dende Electromecánicos, o expediente de contrato maior nº 12397/444 (mantemento das instalacións dos centros escolares dependentes da concellería de educación e asistencia técnica enerxética nas dependencias do Concello), que por causas alleas e que descoñece este Servizo de Educación non se resolveu.

Polo tanto, para a prestación destas tarefas ven sendo preciso proceder a súa contratación, xa que na composición do cadro de persoal adscrito ao servizo de educación carécese dos medios humanos e dunha estrutura municipal mínima de persoal cualificado para atender a devandita competencia e que posúa a cualificación idónea para abordar estas tarefas imprescindibles e necesarias de xestión e control do mantemento correctivo e preventivo das instalacións de calefacción, depósitos de propano, gas, e rede eléctrica dos centros públicos de educación infantil e primaria.

Dende o ano 2007 e habida conta que non é posible prescindir, por razóns de seguridade e interese público, do control do mantemento de instalacións escolares de electricidade e calefacción, se veu prestando o servizo dacordo coa cobertura contractual expresada no seguinte cadro (contratos de asistencia técnica e exptes de convalidación de gasto coa empresa especializada nesta materia "Seryges.S.L.", que foi quen designou ao reclamante para a realización das tarefas).

Igualmente ao longo deste periodo (agás 6 meses por unha encomenda de funcións), o funcionario que suscribe, no marco da súa función laboral cotiá e propia, non ten interactuado directamente co reclamante para a xestión da Área de conservación e mantemento de infraestructuras escolares, e xamais observou que éste último en momento algún, tivera despacho ou ubicación física determinada nas dependencias do servizo municipal de educación, limitándose a acudir a despachar coa perioricidade necesaria para o seguimento e realización do traballo".

En consecuencia, non cabe inferir vínculo laboral algún entre o reclamante –que, en toda caso, tería a condición de persoal da empresa á cal prestaba servizos- e o Concello de Vigo. debendo salientarse que calquera reclamación derivada do vínculo laboral mantido entre a empresa ou empresas indicadas e o reclamante, deberá ser dirimido entre ambos perante os mecanismos legalmente establecidos na Lei 36/2011, do 10 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social.

A Xurisprudencia emanada dos órganos xurisdiccionais laborais (especialmente ilustrativa a este respecto, vid. STS de 14 de marzo do 2006; STSXG do 20 de novembro do 2005, entre outras) establece, en canto á cesión ilegal de traballadores, que ésta “constitúe un fenómeno complexo, en virtude do cal o empresario real, que incorpora a utilidade patrimonial do traballo e exerce efectivamente o poder de dirección, aparece substituído no contrato de traballo por un empresario formal...”(STS do 20 de xullo do 2007); igualmente, recentes resolucións xudiciais dictadas pola xurisdicción social en supostos de similares reclamacións fronte ao Concello de Vigo en concepto de cesión ilegal de traballadores desestiman as mesmas, principalmente por estimar que (Sentenza do Xulgado do Social nº 2 de Vigo, dictada en autos p.o. 1039/2011, interposta por D. Guillermo González Domínguez contra EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A., e o CONCELLO DE VIGO en concepto de cesión ilegal de traballadores; fundamento xurídico 3º):

“1.- Se ben existe un negocio xurídico de concretación entre cedente e cesionario para facilitar persoal –un convenio de colaboración de carácter administrativo- non concorren os requisitos de empresario formal e contrato de traballo formal, porque as dúas entidades son reais, con actividade e obxecto social propios, e dende logo o contrato de traballo do demandante é real e por quen de verdade exerce as labores de empresario.

2.- A empresa EULEN facilita os elementos esenciais da prestación do servizo, pero a dirección funcional e o planeamento dos servizos terapéuticos deben ser levados a cabo por técnicos do Concello en coordinación do SERGAS, aínda que é normal que se utilicen medios materiais postos a disposición pola Xunta.

3.- Os traballos que realiza o demandante son de tipo auxiliar e persoal, e que deben ser obxecto de externalización pola Administración (.....)

4.- É igualmente razoable que os medios de produción esenciais para a explotación e realización do servizo pertencan á entidade principal, porque o importante nos supostos de outsourcing é o servizo auxiliar que se ofrece, non os medios que poidan adquirirse ou alugarse. Así ven facilitado pola Lei 30/2007, de contratos do sector público, que permite este tipo de convenios administrativos. Un servizo tan especial e específico como un centro de atención a drogodependentes debe poder ser externalizado pola Administración, posto que require da implicación dalgunha entidade que expresamente poña a disposición persoal para facilitar o cumprimento deste servizo social, co persoal adecuado, que non necesariamente debe pertencer á Administración como funcionario ou como persoal laboral (.....)”.

As prestacións obxecto dos contratos xestionados polo Servizo de Educación, segundo se detalla no informe do Servizo de data 08/04/2013, concrépanse –sempre según o manifestado no citado informe, en actividades de mantemento de instalacións de calefacción, depósitos de propano, gas, rede eléctrica e aforro enerxético dos centros públicos de educación infantil e primaria e escolas municipais; a tal efecto, debe observarse que en ningún suposto implican o exercicio de potestades ou funcións reservadas a funcionarios públicos (vid. artigo 9.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público) ou conlevan a necesidade de recurrir a persoal laboral, tendo carácter limitado no tempo a súa execución, e sendo susceptibles de externalización segundo a lexislación vixente en materia de contratos das Administracións Públicas (NOTA: ata o 16/11/2011 rexía a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, norma aplicable aos contratos administrativos mencionados, rexendo a partir desda data o Real Decreto Lexislativo 2/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público).

En igual senso se pronuncia a Sentenza do Xulgado do Social nº1 de Vigo, dictada en autos do p.o. 831/2011, interposto por María Carmen Alonso Costas e 12 máis contra a FUNDACIÓN ALDABA e o CONCELLO DE VIGO, en cuxo fundamento xurídico primeiro, in fine, se sinala que:

“Por tanto, non estamos ante unha cesión ilegal de traballadores, senón ante unha subcontrata dun servizo do Concello, que como tal controla a actividade cedida...(…)...a Fundación demandada é unha empresa real con medios materiais, con estrutura, que aportou medios materiais para realizar a labor subcontratada, que exerce poder de dirección, etc, por tanto non estamos ante unha cesión ilegal de traballadores, senón ante unha subcontratación permitida polo artigo 42 do Estatuto dos Traballadores, polo que debe desestimarse a demanda”.

V.- *A contratación de servizos suxeita ao Dereito Administrativo dos contratos, como xa se sinalou con anterioridade, atopábase prevista no momento de adxudicación na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, que establecía no seu Capítulo V (Contratos de Servizos, artigos 277 a 290) o obxecto, finalidade, alcance, réxime e efectos da citada tipoloxía contractual. En concreto, o artigo 277 sinalaba que “non poderán ser obxecto de estes contratos os servizos que impliquen exercicio de autoridade inherente aos poderes públicos” (apartado 1) para salientar de seguido que “á extinción dos contratos de servizos, non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que teñan realizado os traballos obxecto do contrato como persoal do ente, organismo ou entidade do sector público contratante” (apartado 4).*

VI.- *A doutrina xurisprudencial dos actos propios, amplamente consolidada polo Tribunal Supremo (a título exemplificativo, vid. STS 27 de marzo de 2007 (RJ 2007, 1982), na que se explicita que, conforme ao que a Sala ten reiteradamente declarado, entre outras en SSTS de 31 de xaneiro de 1995 (RJ 1995, 291) e 30 de setembro de 1996 (RJ 1996, 6824) e 24 de abril de 2004) concrétase no feito de que ninguén pode ir contra os seus propios actos, de xeito tal que toda pretensión formulada dentro dunha situación litixiosa por unha persoa que anteriormente realizase unha conducta incompatible con dita pretensión, debe ser desestimada.*

Doutrina que ten as súas orixes no principio nemo potest contra proprium actum venire.

Toda vez que o reclamante tiña pleno coñecemento e capacidade –e obriga legal de telo, nos termos do principio xeral de que “a ignorancia das leis non excusa do seu cumprimento” recollida no artigo 6 do Código Civil- no momento de formalización do seu contrato laboral coa súa empregadora do carácter, contido, obxecto e alcance do mesmos, non parece de recibo que se exercite agora a pretensión de recoñecemento dun vínculo laboral contractual inexistente.

Admitir a mesma conlevaría unha evidente fraude de lei, non permitida polo ordenamento xurídico nos termos do contemplado no artigo 6, apartado 4, do vixente Código Civil.

